

POBOACIÓN E MERCADO DE TRABALLO

4

4.1. A poboación galega

Antes de entrar na análise da poboación dende a perspectiva do mercado laboral (poboacións activa, ocupada, desempregada, etc.) cómpre realizar un achegamento á situación demográfica de Galicia nos últimos anos, porque vai ser un claro condicionante da evolución dalgunha das variables significativas para a análise do mercado de traballo.

4.1.1. Evolución da poboación

O cadro 4.1. dá fe da evolución demográfica de Galicia, do conxunto do Estado e da Unión Europea dende o ano 2001. Destacaremos os seguintes aspectos:

- A poboación galega creceu no ano 2007 tan só un 0,18% mentres que a poboación española subiu seis veces máis (un 1%).
- A suba acumulada dende o ano 2001 foi na poboación galega de só 39.607 habitantes (un 1,45%) mentres que a española aumentou nunha porcentaxe sete

veces maior, porque subiu un 10% (en valores absolutos, en máis de catro millóns de habitantes: 4.083.895).

■ Cadro 4.1

Poboación de Galicia, España e UE⁽¹⁾. 2001-2007

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
Galicia	2.732.926	2.737.370	2.751.094	2.750.985	2.762.198	2.767.524	2.772.533
España	41.116.842	41.837.894	42.717.064	43.197.684	44.108.530	44.708.964	45.200.737
UE (27 estados)	482.958,0	484.540,8	486.520,3	488.632	490.898,3	492.965,00	--

(1) Datos da UE en miles de habitantes.

Fonte: INE (datos a 1 de xaneiro) e EUROSTAT

O dinamismo demográfico español neste comezo do século XXI está moi por riba tamén da media da Unión Europea, que creceu de 2001 a 2006 un 2,1%, bastante máis que a poboación galega nese período (1,2%) pero tan só a cuarta parte da suba porcentual española nese 4 quinquenio (8,7%).

A peso relativo da poboación galega no total da Unión Europea permanece estancado no que vai de século XXI, mentres que o total español aumentou significativamente (en 0,6 puntos, o que supón unha suba no quinquenio dun 7,1%), como se ve no cadro 4.2.

■ Cadro 4.2

Porcentaxe de poboación respecto ao total da UE 27. Galicia e España. 2001 - 2006

	2001	2002	2003	2004	2005	2006
UE 27	100	100	100	100	100	100
España	8,4	8,5	8,6	8,7	8,8	9
Galicia	0,56	0,56	0,56	0,56	0,56	0,56

Elaboración propia

Fonte: INE (datos a 1 de xaneiro) e EUROSTAT

A desagregación por provincias da evolución da poboación de Galicia de 2001 a 2007 reflíctese no cadro 4.3: baixou ano tras ano nas provincias de Lugo e Ourense mentres que subiu todos os anos na Coruña e Pontevedra. Un bo xeito de constatar a Galicia das dúas velocidades demográficas.

■ Cadro 4.3

Poboación por provincias. 2001-2007

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
A Coruña	1.108.002	1.111.886	1.120.814	1.121.344	1.126.707	1.129.141	1.132.792
Lugo	364.125	361.782	360.512	358.452	357.625	356.595	355.176
Ourense	344.623	343.768	342.213	340.258	339.555	338.671	336.926
Pontevedra	916.176	919.934	927.555	930.931	938.311	943.117	947.639
Galicia	2.732.926	2.737.370	2.751.094	2.750.985	2.762.198	2.767.524	2.772.533

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Datos a 1 de xaneiro de cada ano

Datos de 2008, provisionais

A poboación de cada unha das comunidades autónomas a día 1 de xaneiro de 2007 (e máis a variación do último ano) pódese ver no cadro 4.4; explicita que:

■ As catro comunidades de máis poboación (Andalucía, Cataluña, Madrid e a Comunidade Valenciana, por esta orde) concentran 26.236.687 habitantes, o que representa un 58% da poboación total española.

■ Galicia é a quinta comunidade polo seu tamaño poboacional; séguelle á Comunidade Valenciana (aínda que moi lonxe dela) e precede a Castela-León (moi preto).

■ Tan só en Asturias baixou a poboación en 2007, ano no que a menor suba porcentual tívola Galicia (0,18%) mentres que as maiores subas porcentuais presentáronas a cidade autónoma de Melilla (3,84%) e Baleares (2,96%).

**Porcentaxe de variación da poboación.
Ano 2006⁽¹⁾**

■ Cadro 4.4

Baleares	2,80
Castela A Mancha	2,22
Murcia	1,52
C. Valenciana	1,41
Aragón	1,39
Canarias	1,26
Madrid	0,89
Cataluña	0,88
Andalucía	0,80
Cantabria	0,78
A Ríoxa	0,71
Navarra	0,52
País Vasco	0,35
Estremadura	0,22
Galicia	0,14
Castela e León	0,08
Asturias	-0,21

(1) De 1 de xaneiro de 2006 a 1 de xaneiro de 2007.

Datos provisionais

Fonte: INE. Padrón Municipal

O cadro 4.5 complementa a análise realizada no anterior e permítelle ás persoas interesadas realizar o seguimento da evolución demográfica no que vai de século XXI en cada unha das comunidades autónomas.

A principal clave explicativa da fortísima suba da poboación en España na última década é o gran crecemento da poboación estranxeira; referirémonos a ela no seguinte epígrafe.

■ Cadro 4.5

Poboación⁽¹⁾ por comunidades autónomas. 2001-2007

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
España	41.116.842	41.837.894	42.719.064	43.197.684	44.108.530	44.708.964	45.200.737
Andalucía	7.403.968	7.478.432	7.608.848	7.687.518	7.849.799	7.975.672	8.059.461
Aragón	1.199.753	1.217.514	1.230.090	1.249.584	1.269.027	1.277.471	1.296.655
Asturias	1.075.329	1.073.971	1.075.381	1.073.761	1.076.635	1.076.896	1.074.862
Baleares	878.627	916.968	947.361	955.045	983.131	1.001.062	1.030.650
Canarias	1.781.366	1.843.755	1.894.868	1.915.540	1.968.280	1.995.833	2.025.951
Cantabria	537.606	542.275	549.690	554.784	562.309	568.091	572.824
Castela e León	2.479.425	2.480.369	2.487.646	2.493.918	2.510.849	2.523.020	2.528.417
Castela A Mancha	1.755.053	1.782.038	1.815.781	1.848.881	1.894.667	1.932.261	1.977.304
Cataluña	6.361.365	6.506.440	6.704.146	6.813.319	6.995.206	7.134.697	7.210.508
C. Valenciana	4.202.608	4.326.708	4.470.885	4.543.304	4.692.449	4.806.908	4.885.029
Extremadura	1.073.381	1.073.050	1.073.904	1.075.286	1.083.879	1.086.373	1.089.990
Galicia	2.732.926	2.737.370	2.751.094	2.750.985	2.762.198	2.767.524	2.772.533
Madrid	5.372.433	5.527.152	5.718.942	5.804.829	5.964.143	6.008.183	6.081.689
Murcia	1.190.378	1.226.993	1.269.230	1.294.694	1.335.792	1.370.306	1.392.117
Navarra	556.263	569.628	578.210	584.734	593.472	601.874	605.876
País Vasco	2.101.478	2.108.281	2.112.204	2.115.279	2.124.846	2.133.684	2.141.860
A Ríoxa	270.400	281.614	287.390	293.553	301.084	306.377	308.968
Ceuta	75.694	76.152	74.931	74.654	75.276	75.861	76.603
Melilla	68.789	69.184	68.463	68.016	65.488	66.871	69.440

(1) As cifras están referidas a 1 de xaneiro de cada ano
 Fonte: INE, Padróns Municipais

4.1.2. A poboación estranxeira

A importante chegada de poboación do estranxeiro está a ser un dos fenómenos demográficos característicos da poboación galega (e sobre todo da española) na alborada do século XXI, sen o que non é posible entender o importante aumento que se está a producir nos últimos anos na poboación española ou as subas da natalidade e do índice de fecundidade (lixeiras en Galicia e con maior intensidade no total español).

O cadro 4.6 explicita o aumento continuado da poboación estranxeira en Galicia de 1998 a 2008, de xeito que ao comezar o ano 2008 case quintuplica a de dez anos antes; no último ano produciuse o maior aumento en valor absoluto.

■ Cadro 4.6

Poboación estranxeira en Galicia. 1998-2008

1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
19.693	21.787	25.602	33.058	42.462	53.808	58.387	69.363	73.756	81.442	95.122

Datos de 2008 provisionais
 Fonte: INE. Padrón Municipal de Habitantes. Datos a 1 de xaneiro de cada ano.

O cadro 4.7 permítelle ás persoas interesadas realizar o seguimento da evolución da poboación estranxeira en cada unha das comunidades autónomas (e no total español) de 2003 a 2008. Destacaremos que o peso relativo de Galicia na poboación estranxeira do total de España é actualmente tan só un 1,82%, porcentaxe inferior á do ano 2003 (2%).

A poboación estranxeira que reside en Galicia supón un 3,4% da poboación total de Galicia (menos da terceira parte da porcentaxe estatal: 11,3%).

Poboación estranxeira. Por CC.AA. 2003-2008

■ Cadro 4.7

	2003	2005	2007	2008
Andalucía	282.901	420.207	531.827	615.787
Aragón	61.896	96.848	124.404	153.990
Asturias	19.691	26.797	32.720	40.171
Baleares	126.505	156.270	190.170	222.331
Canarias	179.493	222.260	250.736	282.004
Cantabria	13.677	20.547	26.795	33.098
C. León	70.899	115.223	159.637	203.847
C. A Mancha	59.440	91.318	119.781	153.435
Cataluña	543.088	798.904	972.507	1.097.966
C. Valenciana	413.760	581.985	732.102	838.224
Estremadura	17.885	25.341	29.210	35.049
Galicia	53.808	69.363	81.442	95.122
Madrid	589.215	780.752	866.910	991.259
Murcia	113.912	165.016	201.700	224.098
Navarra	38.741	49.882	55.921	64.518
País Vasco	49.231	72.894	98.524	116.650
A Rioxa	20.570	31.075	36.825	43.524
Ceuta	3.203	3.037	3.016	3.082
Melilla	6.333	2.891	5.327	6.422
España	2.664.168	3.730.610	4.519.554	5.220.577

Fonte: INE. Padrón Municipal
Os datos de 20008 son provisionais

A desagregación da poboación estranxeira que reside en España por sexos figura no cadro 4.8, no que tamén se pode estudar a procedencia desas persoas. Un 42,2% do total de persoas estranxeiras que residen en Galicia proceden de Suda-mérica e un 36,4% da Unión Europea: velaí xa concentrada máis das tres cuartas partes da poboación estranxeira que reside na nosa comunidade.

Poboación estranxeira por sexo e procedencia. Galicia. 2008

■ Cadro 4.8

	Total	Homes	Mulleres
Total	95.122	47.618	47.504
Nacionalidades europeas	36.743	21.312	15.431
UE-27	34.607	20.294	14.313
Nacionalidades africanas	8.549	6.044	2.505
Marrocos	4.633	3.044	1.589
América Central	5.271	1.977	3.294
Cuba	2.017	905	1.112
República dominicana	2.618	874	1.744
América do Norte	1.607	698	909
América do Sur	40.155	15.873	24.282
Arxentina	5.113	2.321	2.792
Brasil	10.512	3.619	6.893
Colombia	8.241	2.866	5.375
Ecuador	1.447	597	850
Perú	2.721	1.417	1.304
Uruguai	4.287	2.036	2.251
Venezuela	4.002	1.522	2.480
Nacionalidades asiáticas	2.691	1.654	1.037
Oceanía	85	43	42
Apátrías	21	17	4

Fonte: INE. Padrón Municipal de Habitantes.
Nota: datos provisionais

O cadro 4.9 reflicte a poboación estranxeira de cada unha das provincias galegas (ademais do total galego) cos datos dos dous últimos Padróns Municipais. Resaltaremos que as dúas provincias máis desenvolvidas (A Coruña e Pontevedra) concentran un 73,2% da poboación estranxeira que reside en Galicia, evidenciando unha realidade económico-social coñecida dabondo e ben doada de constatar tamén a nivel estatal: as comunidades de maior xeración de riqueza son os verdadeiros polos de atracción da inmigración (sexa de persoas estranxeiras ou doutras comunidades do estado español).

■ Cadro 4.9

Poboación estranxeira. Galicia. Por provincias 2007-2008

	2007	2008
A Coruña	28.137	33.432
Lugo	9.076	11.504
Ourense	12.424	13.989
Pontevedra	31.805	36.197
Galicia	81.442	95.122

(1) Datos a 1 de xaneiro. 2008 Provisionais

Fonte: INE. Padrón

4.1.3. Movementos naturais de poboación

A posición relativa da variación natural da poboación galega entre as distintas comunidades autónomas no último ano reflíctese no cadro 4.10; velaí algúns trazos:

■ Cadro 4.10

Crecemento natural. Nacementos e defuncións. Por CC.AA. 2007

	Nacementos	Defuncións	Crecemento vexetativo
España	491.183	384.442	106.741
Madrid	74.512	41.761	32.751
Andalucía	96.400	65.471	30.929
Cataluña	83.935	60.525	23.410
C. Valenciana	54.552	40.698	13.854
Murcia	18.620	10.143	8.477
Canarias	19.676	13.338	6.338
Baleares	11.750	7.713	4.037
Castela A Mancha	19.991	17.598	2.393
País Vasco	20.828	19.122	1.706
Navarra	6.657	5.235	1.422
Ceuta	1.476	520	956
Melilla	1.333	452	881
A Ríoxa	3.270	2.817	453
Aragón	12.922	13.213	-291
Extremadura	10.187	10.508	-321
Cantabria	5.288	5.729	-441
Asturias	7.865	12.592	-4.727
C. e León	20.076	26.844	-6.768
Galicia	21.845	30.163	-8.318

Fonte: INE. "Movimiento natural de población"

■ Galicia rexistrou no ano 2007 de novo o maior descenso absoluto (natural ou vexetativo) de poboación de todas as comunidades (desta volta, diminución de 8.318 habitantes) e foi máis intensa que no ano anterior (no que o descenso fora de 7.906 persoas). No total estatal, pola contra, houbo en 2007 un crecemento vexetativo de 106.741 habitantes.

■ O feito de que a diminución poboacional galega por motivos naturais fose maior en 2007 que no ano anterior explícase porque a suba dos nacementos (376 máis que no ano anterior) non foi quen de compensar o maior aumento das defuncións (788 máis que en 2006).

■ As comunidades autónomas con maior crecemento vexetativo en termos absolutos foron Madrid, Andalucía e Cataluña. As que seguiron a Galicia en diminución poboacional foron Castela-León, Asturias e Cantabria.

Se enxertamos os movementos naturais de poboación de Galicia do último ano na andaina do último terzo de século conseguimos unha visión moi axeitada do comportamento a longo prazo. O cadro 4.11 amosa que podemos distinguir dous períodos moi diferenciados:

■ No primeiro (ata o segundo quinquenio do anos oitenta) o crecemento vexetativo da poboación galega descende continuamente pero é aínda positivo.

■ No segundo período sempre é negativo o saldo vexetativo: crecente ata o segundo quinquenio dos anos noventa e practicamente estabilizado ao redor dos 8.000 habitantes por ano nos últimos anos.

Movementos naturais de poboación. Galicia. 1975-2007

■ Cadro 4.11

	Nacementos	Defuncións	Crecemento natural
1975	43.850	25.834	18.016
1980	39.154	24.681	14.473
1985	28.427	26.295	2.132
1990	22.501	27.979	-5.478
1995	18.799	28.464	-9.665
2000	19.418	28.858	-9.440
2006	21.469	29.375	-7.906
2007	21.845	30.163	-8.318

Fonte: IGE e INE (INE Base)

Os datos absolutos de nacementos e mortes que vimos de comentar cobran máis sentido (a efectos de comparanzas con outros territorios) cando se pasan a datos relativos, poñendo a proporción de nacementos ou mortes por cada mil habitantes dunha comunidade. Os datos do cadro 4.12 reflicten que:

■ A taxa de natalidade galega (8 nacementos por cada mil habitantes), que subiu unha décima en 2007, segue a ser a penúltima do estado (por detrás tan só de Asturias, un ano máis) e está case tres puntos porcentuais por baixo da media española o que supón, dito doutra forma, que a taxa de natalidade estatal supera á galega nun 37%.

■ A taxa de mortalidade galega (11 mortes por cada mil habitantes), en cambio, é das maiores de España (só superada en 2007 pola de Asturias). No ano 2007 está

2,48 puntos por riba en Galicia que na media estatal (un punto máis que no ano anterior): sen dúbidas, o avellentamento da poboación galego pasa factura, especialmente nas dúas provincias orientais, que teñen taxas que encabezan o ranking da mortalidade en España.

■ Cadro 4.12

Taxas de natalidade e mortalidade. Por CC.AA. 2007

	Taxa de natalidade	Taxa de Mortalidade
España	10,95	8,57
Madrid	12,19	6,83
Andalucía	12,07	8,20
Cataluña	11,71	8,45
C. Valenciana	11,31	8,44
Murcia	13,37	7,28
Canarias	9,74	6,61
Baleares	11,42	7,50
C. A Mancha	10,24	9,02
País Vasco	9,78	8,98
Navarra	11,08	8,72
Ceuta	20,56	7,24
Melilla	19,49	6,61
A Ríoxa	10,57	9,11
Aragón	10,05	10,27
Extremadura	9,46	9,76
Cantabria	9,32	10,10
Asturias	7,43	11,89
C. e León	8,06	10,77
Galicia	8,01	11,05

Fonte: INE. "Movimiento natural de población"

No tocante á desagregación por provincias, o cadro 4.13 reflicte que Pontevedra é a única provincia con predominio (aínda que moi lixeiro) dos nacementos sobre as mortes, mentres que nas outras tres provincias galegas é moi claro (e case coincidente en Lugo e Ourense en valores absolutos) o balanço negativo.

■ Cadro 4.13

Crecemento natural. Nacementos e defuncións. Por provincias. 2007

	Nacementos	Defuncións	Crecemento vexetativo
Galicia	21.845	30.163	-8.318
A Coruña	9.091	12.484	-3.393
Lugo	2.179	4.698	-2.519
Ourense	2.068	4.603	-2.535
Pontevedra	8.507	8.378	129

Fonte: INE. "Movimiento natural de población"

O cadro 4.14 certifica que o crecemento natural (ou vexetativo) medio español foi en 2007 de 2,4 persoas por cada mil habitantes, mentres que en Galicia o indicador foi negativo nun tres por mil.

■ Cadro 4.14

Saldo vexetativo⁽¹⁾ por 1.000 habitantes. Galicia, España, UE. 1975-2007.

	1975	1985	1995	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
UE 27	4,1	2,2	0,4	0,5	0,3	0,2	0,8	0,6	-	-
España	10,4	3,7	0,4	1,1	1,2	1,4	1,9	1,8	2,5	2,4
Galicia	6,6	0,8	-3,6	-3,3	-3,4	-3,5	-2,9	-3,0	-2,9	-3,0

(1) Nacementos menos defuncións

Fonte: INE ("indicadores demográficos básicos") y EUROSTAT

O estudo diacrónico do saldo vexetativo por cada 1.000 habitantes no último terzo de século reflicte o maior dinamismo demográfico español que no conxunto da UE e, sobre todo, que en Galicia, que presenta un coeficiente negativo ao redor do tres por mil na última década.

No cadro 4.15 presentamos a evolución na última década do número medio de fillos por muller en Galicia e en cada un dos vinte e sete Estados que compoñen actualmente a Unión Europea. Destacaremos que:

■ En España este indicador demográfico presenta un avance ininterrompido dende o ano 1999, e ocupa actualmente unha posición intermedia na UE-27. Cómpre lembrar, para avaliar axeitadamente esta evolución, que España ocupaba a segunda posición entre os Estados da UE-15 en 1976 (tras Irlanda) e pasou en dúas décadas á última posición deses quince Estados. A media de fillos por muller en España desplomouse de 1976 a 1998 e medrou despois ininterrompidamente.

■ Na maioría dos Estados que se incorporaron nos últimos anos á Unión Europea (como República Checa, Polonia, Eslovenia, Eslovaquia, Bulgaria, Hungría, Letonia, Lituania ou Romanía), o número medio de fillos por muller é inferior ao que ten actualmente España.

■ A evolución do número medio de fillos por muller en Galicia na última década reflicte que a tendencia é de suba (aínda que lixeira e con altibaxos): o índice galego moveuse no primeiro sexenio entre 0,93 e 0,97, estabilizouse nun fillo por muller no cuatrienio 2003-2006 e subiu unha décima no último ano. Está moi por baixo do índice de calquera dos Estados da Unión Europea: o máis próximo ao galego é Eslovaquia (que supera nun 24% o noso indicador no ano 2006).

A maior natalidade das mulleres estranxeiras é, indubidablemente, un dos factores clave que está detrás da suba dos últimos anos, especialmente no total español: ao redor dun 17% dos nacementos do ano 2006 en España foron de nai estranxeira, mentres que en Galicia quedouse nun 7%.

A pesar da menor inmigración estranxeira en Galicia (en comparanza coa media estatal) cómpre subliñar que se triplicaron na última década en Galicia os nacementos con nai estranxeira; parece evidente que está a ser moi importante a achega da inmigración estranxeira nos últimos anos ao rexuvenecemento poboacional de Galicia.

Doutros aspectos non poboacionais nos que inflúe significativamente a achega da inmigración estranxeira non trataremos aquí, pero tamén é clara, por exemplo a súa influencia na mellora das contas da Seguridade Social, cunha nova poboación cotizante que está maioritariamente moi lonxe da idade de xubilación (na que o gasto social se fai especialmente importante).

■ Cadro 4.15

Número medio de fillos por muller. Galicia, España, UE. 1997-2007

	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
Galicia	0,94	0,93	0,94	0,97	0,96	0,95	1,0	1,0	1,0	1,0	1,1
Francia	-	1,78	1,81	1,89	1,90	1,88	1,89	1,92	1,94	2,00	-
Irlanda	1,93	1,93	1,89	1,88	1,93	1,96	1,95	1,93	1,86	1,90	-
Suecia	1,52	1,50	1,50	1,54	1,57	1,65	1,71	1,75	1,77	1,85	-
Finlandia	1,75	1,70	1,74	1,73	1,73	1,72	1,77	1,80	1,80	1,84	-
Reino Unido	1,72	1,71	1,68	1,64	1,63	1,64	1,71	1,77	1,78	1,84	-
Dinamarca	1,76	1,73	1,75	1,78	1,76	1,72	1,76	1,78	1,80	1,83	-
Países Baixos	1,56	1,63	1,65	1,72	1,71	1,73	1,75	1,73	1,71	1,70	-
Luxemburgo	1,72	1,68	1,74	1,76	1,65	1,63	1,62	1,66	1,66	1,65	-
Estonia	1,32	1,28	1,32	1,39	1,34	1,37	1,37	1,47	1,50	1,55	-
Chipre	1,86	1,76	1,67	1,64	1,57	1,49	1,50	1,49	1,42	1,47	-
Malta	-	-	-	-	-	-	-	-	1,38	1,41	-
Austria	1,39	1,37	1,34	1,36	1,33	1,39	1,38	1,42	1,41	1,40	-
Grecia	1,28	1,26	1,24	1,26	1,25	1,27	1,28	1,30	1,33	1,39	-
España	1,18	1,16	1,19	1,23	1,24	1,26	1,31	1,33	1,35	1,38	1,39
Bulgaria	1,09	1,11	1,23	1,26	1,20	1,21	1,23	1,29	1,31	1,37	-
Letonia	1,14	1,12	1,19	1,24	1,21	1,23	1,29	1,24	1,31	1,35	-
Portugal	1,47	1,47	1,50	1,55	1,45	1,47	1,44	1,40	1,40	1,35	-
Hungría	1,37	1,32	1,28	1,32	1,31	1,30	1,27	1,28	1,31	1,34	-
República Checa	1,17	1,16	1,13	1,14	1,14	1,17	1,18	1,22	1,28	1,33	-
Alemania	1,37	1,36	1,36	1,38	1,35	1,34	1,34	1,36	1,34	1,32	-
Lituania	1,47	1,46	1,46	1,39	1,30	1,24	1,26	1,26	1,27	1,31	-
Rumanía	1,40	1,40	1,39	1,39	1,31	1,26	1,27	1,29	1,32	1,31	-
Eslovenia	1,25	1,23	1,21	1,26	1,21	1,21	1,20	1,25	1,26	1,31	-
Polonia	1,52	1,44	1,37	1,35	1,32	1,25	1,22	1,23	1,24	1,27	-
Eslovaquia	1,43	1,37	1,33	1,29	1,20	1,18	1,20	1,24	1,25	1,24	-
Bélxica	1,60	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Italia	1,21	-	1,23	1,26	1,25	1,27	1,29	-	1,32	-	-

Datos de 2007 son provisionais

Fonte: INE ("indicadores demográficos básicos") y EUROSTAT

4.1.4. Movements migratorios

Cuantitativamente os principais destinos dos desprazamentos poboacionais galegos nos últimos anos están a ser: outras poboacións de Galicia (72%), outras comunidades autónomas (25%) e o estranxeiro (3%). Os lugares de procedencia principais dos desprazamentos de poboación galegos son tamén os internos, e os procedentes de fóra de Galicia están moi equilibrados entre o estranxeiro (51%) e o doutras comunidades autónomas (49%).

Pese ao importante peso cuantitativo das migracións internas galegas, centraremos a nosa análise fundamentalmente nas migracións externas (as que teñen por orixe ou destino poboacións de fóra de Galicia), que cualitativamente (por razóns culturais, de distancia etc) teñen unha significación ben distinta da anterior:

Os datos do cadro 4.16 reflicten os movementos migratorios das distintas comunidades autónomas en 2007. Destacaremos que:

■ O saldo migratorio total foi positivo tanto no total español (731.201 persoas) como en Galicia (19.583 persoas), representando este último só un 2,7% do estatal. Tan só na cidade autónoma de Ceuta foi negativo este saldo.

■ O saldo migratorio de Galicia coas outras comunidades autónomas do Estado

español foi negativo (como adoita ocorrer, agás no ano 2005). Desta volta, as saídas de Galicia cara a outras comunidades autónomas superaron ás entradas en Galicia en 1.336 persoas.

■ O saldo migratorio de Galicia co estranxeiro tivo, un ano máis, un saldo positivo, que en 2.007 foi de 20.919 persoas. Representou só un 2,9% do conxunto estatal.

■ O detalle provincial (recollido no cadro 4.17) reflicte que o saldo migratorio total foi positivo nas catro provincias (especialmente na Coruña e Pontevedra, que concentran un 78,4% do total de Galicia).

■ Tamén é positivo nas catro provincias o saldo dos movementos migratorios con orixe ou destino no estranxeiro (concentrando un 74% A Coruña e Pontevedra). Pola contra, nas migracións intraestatais tan só é positivo o saldo da provincia da Coruña; nas provincias de saldo negativo, sobresaíe cuantitativamente Ourense.

■ Cadro 4.16

Inmigracións, emigracións e saldo migratorio. Por CC.AA. 2007

	Total movementos migratorios			Movementos migratorios intraestatais			Movementos migratorios extraestatais		
	Inmigracións	Emigracións	Saldo total	Inmigracións interiores	Emigracións interiores	Saldo interior	Inmigracións exteriores	Emigracións exteriores	Saldo total
España	2.753.619	2.022.418	731.201	1.795.353	1.795.353	0	958.266	227.065	731.201
Andalucía	369.493	279.270	90.223	254.045	252.424	1.621	115.448	26.846	88.602
Aragón	77.697	45.178	32.519	42.507	41.996	511	35.190	3.182	32.008
Asturias	41.790	33.123	8.667	31.306	30.449	857	10.484	2.674	7.810
Baleares	91.061	61.670	29.391	57.716	53.383	4.333	33.345	8.287	25.058
Canarias	136.729	101.793	34.936	94.651	96.833	-2.182	42.078	4.960	37.118
Cantabria	33.040	24.572	8.468	25.089	23.145	1.944	7.951	1.427	6.524
C. e León	137.965	106.197	31.768	96.446	101.217	-4.771	41.519	4.980	36.539
C. A Mancha	143.225	87.061	56.164	96.238	81.996	14.242	46.987	5.065	41.922
Cataluña	538.613	414.735	123.878	336.880	347.521	-10.641	201.733	67.214	134.519
C. Valenciana	348.044	227.665	120.379	220.235	205.712	14.523	127.809	21.953	105.856
Extremadura	37.233	30.295	6.938	27.957	29.213	-1.256	9.276	1.082	8.194
Galicia	112.995	93.412	19.583	86.609	87.945	-1.336	26.386	5.467	20.919
Madrid	446.623	337.996	108.627	267.015	283.553	-16.538	179.608	54.443	125.165
Murcia	80.004	55.499	24.505	47.469	48.043	-574	32.535	7.456	25.079
Navarra	41.636	29.240	12.396	29.283	27.189	2.094	12.353	2.051	10.302
País Vasco	88.604	74.619	13.985	63.043	66.852	-3.809	25.561	7.767	17.794
A Rioxa	22.120	14.430	7.690	13.820	12.674	1.146	8.300	1.756	6.544
Ceuta	2.637	2.668	-31	2.177	2.556	-379	460	112	348
Melilla	4.110	2.995	1.115	2.867	2.652	215	1.243	343	900

Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE). Estadística de Variacións Residenciais.2007

Ademais da visión estática dos dous cadros anteriores, cómpre unha visión dinámica que nos permita visualizar a evolución nos últimos anos dos movementos migratorios. O cadro 4.18 presenta os saldos migratorios das distintas comunidades dende 1997. Salientaremos, no tocante ao saldo migratorio de Galicia co resto do Estado dende entón, que presenta signo negativo sempre (agás en 2005, cun lixeiro saldo positivo) e que foi cada vez máis intenso ata o ano 2000 e decrecente no seguinte quinquenio. En 2006 e 2007 recuperou a senda negativa, despois da paréntese de 2005.

Inmigracións, emigracións e saldo migratorio. Por provincias. 2007

■ Cadro 4.17

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Inmigracións	49.110	12.972	15.941	34.972
Emigracións	39.714	10.307	14.470	28.921
Saldo total	9.396	2.665	1.471	6.051
Inmigracións interiores	38.481	9.551	12.374	26.203
Emigracións interiores	37.708	9.800	13.447	26.990
Saldo interior	773	-249	-1.073	-787
Inmigracións exteriores	10.629	3.421	3.567	8.769
Emigracións exteriores	2.006	507	1.023	1.931
Saldo exterior	8.623	2.914	2.544	6.838

Fonte: INE. Estatística de Variacións Residenciais

En 2007 foron Madrid, Canarias e Cataluña, por esta orde, as tres comunidades autónomas con maior peso nos fluxos migratorios de saída de Galicia; entre as tres suman 8.835 persoas (un 50,24% do total). Descendeu un 7% a emigración ás Canarias (seguindo a tendencia dos últimos anos) e subiu nun 15% a emigración a Madrid.

A emigración galega cara outras comunidades autónomas ascendeu neste ano a 17.585 persoas, un 3,2% máis que no ano anterior e a segunda cifra máis alta da última década.

■ Cadro 4.18

Saldo migratorio entre CC.AA. 1997-2007

	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
Andalucía	-4.317	-7.506	-7.995	-7.227	-1.932	3.062	10.670	13.909	12.175	6.079	1.621
Aragón	-280	-486	-633	-820	-4	-1.218	-597	461	239	-492	511
Asturias	-923	-2.305	-2.094	-2.185	-2.127	-2.337	-839	-820	-696	-708	857
Baleares	5.845	9.979	10.931	11.127	8.376	5.542	-978	-1.335	1.360	3.712	4.333
Canarias	10.351	8.945	8.271	7.355	3.952	1.646	1.501	980	-127	-400	-2.182
Cantabria	735	1.275	1.626	1.829	1.566	1.513	2.379	1.658	1.164	1.371	1.944
C. e León	2.729	2.210	3.054	1.775	3.420	8.977	12.410	12.232	14.618	17.802	-4.771
C. A Mancha	-4.172	-4.608	-5.808	-7.971	-6.635	-5.234	-5.017	-4.457	-4.155	-2.395	14.242
Cataluña	-3.286	-2.896	-1.737	920	1.458	1.549	1.017	-2.988	-9.776	-11.762	-10.641
C. Valenciana	7.389	8.364	10.489	13.720	13.434	15.370	15.502	16.600	15.362	13.392	14.523
Extremadura	-550	-2.028	-2.242	-3.202	-3.375	-3.009	-1.285	-390	-1.368	-203	-1.256
Galicia	-2.138	-3.574	-5.138	-5.653	-4.229	-3.652	-3.627	-1.877	93	-1.438	-1.336
Madrid	-9.183	-7.424	-8.420	-6.341	-9.748	-18.108	-27.856	-33.331	-29.994	-23.542	-16.538
Murcia	1.390	1.933	1.865	701	-620	833	191	3.558	5.395	2.541	-574
Navarra	741	1.259	1.391	1.115	458	136	-15	126	323	696	2.094
País Vasco	-4.290	-4.591	-5.139	-4.954	-3.866	-3.549	-2.922	-3.590	-3.707	-4.843	-3.809
A Rioja	377	573	1.058	1.203	814	248	977	1.003	42	604	1.146
Ceuta	-202	419	337	-530	-319	-814	-796	-1.024	-577	-221	-379
Melilla	-216	461	184	-862	-623	-955	-715	-715	-371	-193	215
España	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Fonte: INE. Estatística de Variacións Residenciais

A estrutura por idades da emigración galega a outras comunidades reflicte que o grupo de idade maioritario segue a ser en 2007 o de 25 a 34 anos, correspondente

a unha poboación nova que se vai na busca de emprego a outras zonas do Estado. O grupo de idade que lle segue é o de 35-44 anos.

A inmigración procedente do estranxeiro é a auténtica protagonista na última década dun cambio demográfico moi importante en España (e tamén en Galicia, aínda que de xeito máis contido). Cómpre ter en conta que ao redor dun 46% das persoas que viñeron a Galicia do estranxeiro nos últimos anos foron emigrantes retornados, o que confire unha clara peculiaridade á nosa “inmigración”.

A chegada a Galicia de persoas de nacionalidade estranxeira é un fenómeno demográfico en ascenso na última década, aínda que cun peso relativo menor que na media estatal. A composición por idades dos inmigrantes de nacionalidade estranxeira reflicte que os seus protagonistas son persoas moi novas en busca de oportunidades laborais: o grupo de idade máis numeroso é o de 25 a 34 anos, seguido do de 16 a 24 anos.

A chegada do estranxeiro a Galicia de persoas de nacionalidade española está practicamente estabilizada no contorno das 5.000 – 6.000 entradas anuais na última década (no ano 2007 foron 5.789 persoas), o que supón que a participación galega no total español foi dun 15,3% (sete veces máis que nas entradas de estranxeiros e máis do dobre do que nos correspondería nun reparto directamente proporcional ao noso peso relativo na poboación total de España).

Resulta coherente que a inmigración de retorno sexa especialmente intensa en Galicia e noutras comunidades que no pasado perderon máis poboación debido á emigración. E, para interpretar axeitadamente os datos, cómpre subliñar que dentro dos retornados inclúense todos os cidadáns con nacionalidade española que volven na súa maioría naceron aquí, pero tamén se inclúen os seus fillos e máis as demais persoas ás que se lles recoñeceu a nacionalidade española.

4.2. Cambio metodolóxico da EPA. diferenza entre os datos de desemprego do INE e do SPEE

4.2.1. Introducción

No resto deste capítulo analizaremos o comportamento en 2007 da poboación galega de polo menos dezaseis anos dende a perspectiva do seu vínculo coa actividade económica (poboacións activa ou inactiva, ocupada ou desempregada, asalariada ou non, etc.), e enxertarémolas nun contorno temporal máis amplo.

Antes de comezar ese estudo, referirémonos ao cambio metodolóxico da Enquisa de Poboación Activa e máis ao importante desaxuste entre os datos de desemprego obtidos por enquisa (os da EPA) e os obtidos por rexistro das persoas desempregadas (os que proporciona o Servizo Público de Emprego).

4.2.2. Cambio metodolóxico da EPA

Cómpre subliñar, no tocante á EPA, que o INE realizou unha nova revisión no primeiro trimestre do ano 2005, que fixo cambiar substancialmente a radiografía dos mercados laborais galego e español. Os cambios introducidos na EPA a partir do primeiro trimestre de 2005 foron os seguintes:

- 1.- Actualización da base de poboación utilizada, para ter en conta o importante incremento de poboación estranxeira en España; o INE revisou a serie estatística 1996-2004 coa nova base poboacional, polo que existe continuidade na mesma.

No que respecta a Galicia, esta nova cuantificación da base poboacional supuxo que nun ano no que o cálculo se realizou tanto polo método antigo coma polo novo (2004) baixarían as persoas activas en 40.375, as ocupadas en 36.650, as desempregadas en 3.725, as taxas de actividade e de emprego nun punto e a taxa de desemprego nunha décima.

Se ampliamos o estudo ao total das comunidades autónomas, constátase que o cambio na poboación ocupada só implicou unha diminución en Galicia e Extremadura (ademais das cidades autónomas de Ceuta – Melilla) mentres que supuxo unha suba nas outras quince comunidades autónomas, especialmente grande nas que teñen unha maior porcentaxe de estranxeiros respecto da poboación total: Baleares, Murcia, Madrid, A Rioxa, Cataluña e C.Valenciana. No total estatal, o cambio metodolóxico da EPA supuxo unha suba da ocupación de 854.300 persoas (un 5% máis que coa anterior base poboacional).

- 2.- O INE modificou tamén o cálculo dos factores de elevación, aspecto técnico co que se quixo reflectir mellor o peso específico da poboación estranxeira en determinados sectores e profesións (como por exemplo na construción, na hostalería ou na agricultura).
- 3.- Vén regulamentado pola Oficina Estatística da Unión Europea (Eurostat) e consiste en que:
 - Aplicouse a incorporación das novas variables esixidas no Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello que especifica que deben introducirse na Enquisa de Forza de Traballo Comunitaria (e, xa que logo, tamén na EPA) seis novas variables, para coñecer mellor a xornada laboral real ou a conciliación das vidas laboral e familiar, entre outras.
- 4.- Producíronse cambios no método de recollida da información nas enquisas da EPA, o que supuxo:
 - Variacións no cuestionario, cunha suba do número de preguntas.
 - A estandarización do método de entrevista, polo que nas entrevistas telefónicas pasouse a utilizar o método CATI (Computer Assisted Telephone Interview); mantívose a entrevista persoal nos fogares para a primeira visita e segue a ser entrevistado con visitas persoais o fogar que o prefira.

4.2.3. Diferenza entre os datos de desemprego do INE e do SPEE

Chama a atención a diferenza existente entre as medicións da poboación desempregada que realizan o INE (coa EPA) e o Servizo Público Estatal de Emprego (co desemprego rexistrado).

O Instituto Nacional de Estadística elabora a EPA dende o ano 1964: é unha investigación por mostraxe estatística, continua e dirixida actualmente a 65.000 vivendas (o que supón obter información dunhas 180.000 persoas). Os seus datos son os únicos homologados por Eurostat para a comparanza entre os estados membros, e obtenos mediante enquisas trimestrais.

Considera persoas desempregadas ás de polo menos dezaseis anos que na semana de referencia estaban desempregadas, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego. Considéranse tamén persoas desempregadas as que xa atoparon traballo (e están á espera de se incorporar a el) sempre que cumpran as dúas primeiras condicións.

A búsqueda activa de emprego é agora un requisito sine qua non e debe facerse con algún dos métodos que establece o Regulamento 1.897/2000 da Comisión Europea; a renovación da inscrición dun demandante de emprego por razóns puramente administrativas non constitúe unha búsqueda activa, o que implica que esas persoas se computen na EPA como inactivas.

Pola súa parte, os datos do desemprego rexistrado en Galicia obtéñense a partir das inscricións realizadas nas Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia e do Instituto Social da Mariña e da posterior introdución dos mesmos no sistema informático do Servizo Público Estatal de Emprego. Non se computan como desempregadas as persoas que se atopan nalgunha das situacións establecidas na O.M. do 11-3-1985 (BOE do 14-3-1985); poden verse polo miúdo no comezo do epígrafe 4.7. deste Informe Sociolaboral.

A comparanza dos datos do desemprego estimado na EPA (véxase o apartado 6 deste capítulo) e do desemprego rexistrado (que figuran no apartado 7 deste capítulo) reflicte que o cálculo do INE computa unha poboación desempregada moito menor que a que figura nas cifras do paro rexistrado. Certamente, moitas destas últimas son computadas como inactivas na EPA, debido a que non cumpren o requisito de busca activa de emprego que se establece na regulamentación de Eurostat.

4.3. Resumo das principais variables laborais

Comezaremos o estudo do mercado de traballo en Galicia co resumo da evolución no último cuadrienio en Galicia de distintas variables laborais, nas que logo afondaremos ao longo deste capítulo: as poboacións activa, ocupada, desempregada e inactiva.

Os datos do cadro 4.19 permiten calcular que no ano 2007:

- A poboación activa galega subiu un 1,6%, dúas décimas máis que no ano anterior.
- A poboación ocupada de Galicia creceu un 2,5% (fronte ao 3% do ano 2006) .
- O paro estimado pola EPA de Galicia baixou con forza (8,5%), aínda que moito menos que en 2006 (13,6%) e que en 2005 (27%).
- A poboación inactiva descendeu en 2006 nun 1% (un 0,9% no ano anterior).

Poboación de 16 e máis anos, segundo a relación coa acitvidade económica. Galicia 2004-2007

■ Cadro 4.19

	2004	2005	2006	2007
Poboación activa	1.254,2	1.254,8	1.272,1	1.292,0
Poboación ocupada	1.083,6	1.130,0	1.164,2	1.193,4
Poboación parada	170,6	124,8	107,8	98,7
Poboación inactiva	1.103,2	1.111,0	1.100,6	1.088,9

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005

Fonte: INE. EPA. Elaboración polo IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE

A diferenciación por sexos dos datos do último bienio en Galicia figuran no cadro 4.20 e a súa análise máis a fondo farémola nos distintos epígrafes deste capítulo (poboacións activa, ocupada, desempregada e inactiva) e máis no capítulo 5 deste Informe Sociolaboral; salientaremos tan só aquí que, un ano máis, as mulleres son maioría tan só nas poboacións inactiva e desempregada.

Poboación de 16 e máis anos por sexo e relación coa actividade económica. Galicia. 2006-2007

■ Cadro 4.20

	2006			2007		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Poboación activa	1.272,1	704,2	567,9	1.292,0	719,5	572,5
Poboación ocupada	1.164,2	661,4	502,9	1.193,4	678,3	515,0
Poboación parada	107,8	42,8	65,0	98,7	41,2	57,5
Poboación inactiva	1.100,6	428,1	672,5	1.088,9	417,3	671,6

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005

Fonte: INE, EPA. Elaboración polo IGE

4.4. Poboación activa e taxa de actividade

Neste apartado afondaremos no estudo da poboación activa galega, analizando primeiro a evolución no último trienio da poboación activa e da taxa de actividade (porcentaxe de persoas activas respecto da poboación de polo menos dezaseis anos) e despois a distribución da poboación activa por provincias no último quinquenio.

Comezaremos o estudo da poboación activa coa presentación da súa evolución por comunidades autónomas no último trienio. O cadro 4.21 reflicte que:

■ A suba porcentual da poboación activa de Galicia en 2007 quedou 1,2 puntos por baixo da media estatal; a maior suba tívérona as cidades autónomas (Ceuta e Melilla), Murcia e Aragón, mentres que só diminuíu a poboación activa no País Vasco.

■ A participación porcentual de Galicia na poboación activa de España en 2007 mantívose no 5,8%.

■ Cadro 4.21

Poboación activa por comunidades autónomas. 2005-2007

	Valores absolutos Miles			Distribución porcentual			Variacións anuais			
							Miles		%	
	T IV 05	T IV 06	T IV 07	T IV 05	T IV 06	T IV 07	T IV 06	T IV 07	T IV 06	T IV 07
Andalucía	3.510,5	3.590,2	3.745,0	16,5	16,7	16,7	79,7	154,8	2,3	4,3
Aragón	602,9	619,4	649,5	2,8	2,9	2,9	16,5	30,1	2,7	4,9
Asturias	457,0	465,6	476,3	2,1	2,1	2,1	8,6	10,7	1,9	2,3
Baleares	494,1	523,8	544,0	2,4	2,4	2,4	29,7	20,2	6,0	3,9
Canarias	966,2	1.001,8	1.024,3	4,6	4,6	4,6	35,6	22,5	3,7	2,2
Cantabria	265,9	269,6	276,4	1,2	1,2	1,2	3,7	6,8	1,4	2,5
Castela e León	1.128,0	1.146,1	1.162,4	5,3	5,2	5,2	18,1	16,3	1,6	1,4
Castela A Mancha	861,9	888,0	925,4	4,1	4,1	4,1	26,1	37,4	3,0	4,2
Cataluña	3.598,2	3.699,1	3.799,1	17,0	17,0	17,0	100,9	100,0	2,8	2,7
C. Valenciana	2.289,0	2.395,4	2.472,3	11,0	11,0	11,0	106,4	76,9	4,6	3,2
Extremadura	454,3	467,0	480,9	2,1	2,1	2,1	12,7	13,9	2,8	3,0
Galicia	1.251,7	1.273,0	1.292,6	5,8	5,8	5,8	21,3	19,6	1,7	1,5
Madrid	3.084,2	3.241,5	3.283,1	14,9	14,7	14,7	157,3	41,6	5,1	1,3
Murcia	631,7	657,9	693,1	3,0	3,1	3,1	26,2	35,2	4,1	5,4
Navarra	299,3	301,3	303,5	1,4	1,4	1,4	2,0	2,2	0,7	0,7
País Vasco	1.048,4	1.065,4	1.059,3	4,9	4,7	4,7	17,0	-6,1	1,6	-0,6
A Ríoxa	153,7	154,7	157,7	0,7	0,7	0,7	1,0	3,0	0,7	1,9
Ceuta e Melilla	58,6	52,8	59,6	0,2	0,3	0,3	-5,8	6,8	-9,9	12,9
España	21.155,6	21.812,6	22.404,5	100,0	100,0	100,0	657,0	591,9	3,1	2,7

* Os datos correspóndense coas series revisadas segundo a nova metodoloxía EPA-2005 (cambio de base de poboación)
 Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano (cadro tomado do MTAS: Coyuntura Laboral Nº 80, febreiro 2008)

O cadro 4.22 amosa que, cos valores do cuarto trimestre de 2007:

■ A taxa de actividade subiu en Galicia seis décimas, mentres que a estatal aumentou unha décima menos; o diferencial quedou en 4,9 puntos porcentuais a prol do dato estatal.

■ As maiores taxas de actividade preséntanas Madrid, Baleares e Cataluña; as menores foron as de Asturias, Extremadura, Castela-León e Galicia.

A diferenciación por sexos das taxas de actividade galega no último trienio que figura no cadro 4.23 reflicte que, en medias anuais, nos homes subiu 1,1 puntos porcentuais en 2007, mentres que nas mulleres subiu só dúas décimas.

Como consecuencia desa evolución, no último ano abriuse en nove décimas o diferencial entre as taxas de actividades masculina e feminina, quedando en 17,3 puntos a prol dos homes.

A diferenza por sexos das taxas de actividade no último trienio en cada unha das provincias figura no cadro 4.24, no que subliñaremos:

Taxas de actividade por comunidades autónomas(*). 2005-2007

■ Cadro 4.22

	Valores das taxas En porcentaxe			Variacións anuais En puntos porcentuais
	T IV 05	T IV 06	T IV 07	T IV 07
Andalucía	55,1	55,4	56,7	1,4
Aragón	56,2	57,1	58,9	1,9
Asturias	48,8	49,7	50,8	1,1
Baleares	60,8	62,7	63,1	0,5
Canarias	60,0	60,8	60,7	-0,1
Cantabria	55,4	55,6	56,4	0,8
Castela e León	54,9	55,4	56,3	0,9
Castela A Mancha	52,8	53,4	53,8	0,4
Cataluña	61,8	62,4	62,8	0,4
C. Valenciana	59,0	60,2	60,5	0,3
Extremadura	51,1	52,2	53,4	1,2
Galicia	52,8	53,6	54,2	0,6
Madrid	62,3	64,4	63,9	-0,5
Murcia	58,4	59,2	60,6	1,3
Navarra	61,1	60,8	60,3	-0,5
País Vasco	57,6	58,4	57,8	-0,6
A Rioxa	60,3	59,7	59,8	0,2
Ceuta e Melilla	55,5	49,6	54,9	6,0
España	57,7	58,6	59,1	0,5

(*) Os datos correspóndense coas series revisadas segundo a nova metodoloxía EPA-2005 (cambio de base de poboación)
 Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano (cadro tomado do MTAS: Coyuntura Laboral Nº 80, febreiro 2008)

Taxa de actividade por sexo. Galicia 2005-2007

■ Cadro 4.23

	Total	Homes	Mulleres
2005	53,0	62,6	44,3
2006	53,6	62,2	45,8
2007	54,3	63,3	46,0

Datos en porcentaxe. Metodoloxía EPA 2005
 Medias anuais
 Fonte: INE, EPA. Elaborado polo IGE

■ A taxa de actividade global subiu en 2007 en Ourense e Pontevedra, mentres que baixou nas outras dúas provincias.

■ A análise cruzada das taxas de actividade por sexo e provincia subliña que en 2007 a feminina tivo un comportamento semellante ao da taxa global, mentres que a masculina só baixou en Lugo.

No cadro 4.25 ofrecemos os datos da poboación activa das catro provincias galegas (e mais o total galego) no último quinquenio; subliñaremos só que:

■ En 2007 a poboación activa repetiu dato na provincia de Lugo e subiu nas outras tres.

■ No período analizado só en Pontevedra creceu sempre a poboación activa (aínda que certamente ben pouco en 2006).

■ A Coruña e Pontevedra concentran no último ano un 77% da poboación activa total de Galicia.

■ Cadro 4.24

Taxa de actividade por sexo e provincia. Galicia. 2005-2007

	Total	Homes	Mulleres
2005			
	53,0	62,6	44,3
A Coruña	53,7	61,8	46,2
Lugo	49,7	60,2	40,0
Ourense	46,8	56,8	38,1
Pontevedra	55,9	66,7	46,0
2006			
	53,6	62,2	45,8
A Coruña	55,4	63,0	48,3
Lugo	48,5	57,1	40,9
Ourense	48,2	56,5	40,9
Pontevedra	55,5	65,2	46,6
2007			
	54,3	63,3	46,0
A Coruña	55,2	64,7	46,8
Lugo	47,7	55,1	40,7
Ourense	49,5	58,3	41,3
Pontevedra	57,4	66,7	48,8

Datos en porcentaxe. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005

Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE

■ Cadro 4.25

Poboación activa por provincias. 2003-2007

	2003	2004	2005	2006	2007
Galicia	1225,2	1254,2	1254,8	1272,1	1292,6
A Coruña	511,9	525,5	520,3	538,6	539,3
Lugo	153,1	157,5	154,8	150,7	150,7
Ourense	136,8	135,5	138,3	141,2	147,0
Pontevedra	423,4	435,7	441,4	441,5	455,6

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005

Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE

4.5. A poboación ocupada

De forma semellante ao estudo que no anterior epígrafe fixemos coa poboación activa, analizaremos agora a poboación ocupada; en primeiro lugar estudaremos a súa evolución no último trienio nas distintas comunidades autónomas e a taxa de ocupación, para posteriormente analizar cómo se distribúe en Galicia a poboación ocupada por sexos, provincias, sectores económicos, grupos de idade e situación profesional.

4.5.1. Poboación ocupada e taxa de ocupación

O cadro 4.26 preséntanos os datos da poboación ocupada en cada unha das comunidades autónomas no cuarto trimestre ao longo do último trienio, así como a variación que en termos absolutos e relativos presentou cada unha delas. Salientaremos que:

■ O emprego subiu en todas as comunidades no último ano; a maior intensidade na xeración de emprego presentárona Murcia, as cidades autónomas (Ceuta – Melilla) e Aragón mentres que a menor suba da ocupación tivérona País Vasco e Baleares.

■ En Galicia subiu o emprego en 2007 sete décimas menos que no ano anterior; respecto da media estatal, o ritmo galego de crecemento da ocupación quedou dúas décimas por baixo.

■ A participación de Galicia no total de ocupación española no último ano quedou no 5,8% (unha décima menos que no ano anterior), por baixo do noso peso demográfico no conxunto do Estado.

Poboación ocupada por comunidades autónomas*. 2005-2007

■ Cadro 4.26

	Valores absolutos (miles)			Distribución porcentual		Variacións anuais	
	T IV 05	T IV 06	T IV 07	T IV 06	T IV 07	Miles	%
						T IV 07	T IV 07
Andalucía	3.025,2	3.151,7	3.220,9	15,8	15,7	69,2	2,2
Aragón	568,8	588,4	616,4	2,9	3,0	28,0	4,8
Asturias	413,3	422,9	437,6	2,1	2,1	14,7	3,5
Baleares	457,1	491,5	495,0	2,5	2,4	3,5	0,7
Canarias	863,2	886,8	911,5	4,4	4,5	24,7	2,8
Cantabria	244,4	253,4	263,5	1,3	1,3	10,1	4,0
C. A Mancha	781,0	816,5	851,8	4,1	4,2	35,3	4,3
C. León	1.031,7	1.060,5	1.081,1	5,3	5,3	20,6	1,9
Cataluña	3.359,2	3.452,0	3.547,3	17,3	17,3	95,3	2,8
C. Valenciana	2.105,7	2.192,2	2.249,1	11,0	11,0	56,9	2,6
Extremadura	384,7	406,5	410,4	2,0	2,0	3,9	1,0
Galicia	1.137,4	1.170,5	1.196,1	5,9	5,8	25,6	2,2
Madrid	2.901,5	3.031,0	3.073,8	15,2	15,0	42,8	1,4
Murcia	584,8	605,8	635,8	3,0	3,1	30,1	5,0
Navarra	281,5	287,5	290,6	1,4	1,4	3,1	1,1
País Vasco	981,3	994,3	998,6	5,0	4,9	4,3	0,4
A Rioxa	143,7	143,8	148,8	0,7	0,7	5,0	3,5
Ceuta e Melilla	49,7	46,4	48,7	0,2	0,2	2,3	5,0
España	19.314,3	20.001,8	20.476,9	100,0	100,0	475,1	2,4

*Os datos correspóndense coas series revisadas segundo a nova metodoloxía EPA-2005 (cambio de base de poboación)

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de cada ano (Cadro tomado do MTAS: Coyuntura Laboral Nº 80, febreiro 2008)

A análise da taxa de ocupación (porcentaxe de poboación con emprego respecto da poboación de dezaseis ou máis anos) reflicte no cadro 4.27 que:

■ Presentou en Galicia (e tamén en España) unha clara tendencia ascendente no período analizado. No ano 2007 destacaron pola súa suba porcentual Aragón, Asturias e Cantabria, mentres que baixou a taxa de ocupación en Baleares, Madrid, Navarra e C.Valenciana.

■ A taxa de emprego de Galicia segue a ser en 2007 menor que a estatal, pero o diferencial (3,8 puntos) queda seis décimas porcentuais por baixo da do anterior ano.

A desagregación por sexos das taxas de emprego de Galicia que figuran no cadro 4.28 para o último trienio reflicte que:

Taxas de ocupación por comunidades autónomas*. 2005-2007

■ Cadro 4.27

	Valores das taxas En porcentaxe			Variacións anuais En puntos porcentuais
	T IV 05	T IV 06	T IV 07	T IV 07
Andalucía	47,5	48,6	48,8	0,2
Aragón	53,1	54,2	55,9	1,7
Asturias	44,1	45,1	46,7	1,6
Baleares	56,2	58,8	57,5	-1,3
Canarias	53,6	53,8	54,0	0,2
Cantabria	50,9	52,2	53,7	1,5
Castela e León	49,8	50,9	51,8	0,9
Castela A Mancha	48,2	49,4	50,1	0,7
Cataluña	57,7	58,2	58,6	0,4
C. Valenciana	54,3	55,1	55,0	-0,1
Estremadura	43,3	45,5	45,6	0,1
Galicia	48,0	49,3	50,2	0,9
Madrid	58,6	60,2	59,8	-0,4
Murcia	54,0	54,6	55,6	1,0
Navarra	57,4	58,0	57,7	-0,2
País Vasco	53,9	54,5	54,4	0,0
A Ríoxa	56,4	55,5	56,4	1,0
Ceuta e Melilla	47,1	43,6	44,8	1,0
España	52,7	53,7	54,0	0,3

*Os datos correspóndense coas series revisadas segundo a nova metodoloxía EPA-2005 (cambio de base de poboación)
Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano. (Cadro tomado do MTAS: Coyuntura Laboral Nº 80, febreiro 2008)

■ Nos homes, en 2007 avanzou 1,3 puntos porcentuais respecto do ano anterior, e nas mulleres a suba foi de nove décimas.

■ Como consecuencia desa evolución, no último ano ampliouse en catro décimas o diferencial entre as taxas de actividades masculina e feminina, quedando cunha notable diverxencia (18,3 puntos a prol dos homes).

Taxas de ocupación por sexo. Galicia. 2005-2007

■ Cadro 4.28

	Taxa de ocupación		
	Total	Homes	Mulleres
2005	47,8	58,1	38,3
2006	49,1	58,4	40,5
2007	50,1	59,7	41,4

Datos en porcentaxe. Metodoloxía EPA. 2005
Medias anuais
Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE

A análise da taxa de ocupación das provincias galegas (coa súa diferenciación por sexos) do cadro 4.29 amosa que:

■ As dúas provincias máis desenvolvidas (A Coruña e Pontevedra) seguen a presentar en 2007 as maiores taxas globais de emprego, mentres que Lugo e Ourense teñen os valores máis baixos.

■ Na desagregación por sexos, constátase que nos dous a taxa de ocupación é especialmente baixa na provincia de Lugo (7,1 puntos menos que a galega nos homes e 3,7 puntos menos nas mulleres).

■ Cadro 4.29

Taxa de ocupación por sexo e provincia. 2005-2007

	Total	Homes	Mulleres
2005			
Galicia	47,8	58,1	38,3
A Coruña	48,4	57,2	40,4
Lugo	46,4	57,4	36,2
Ourense	41,9	52,3	32,8
Pontevedra	49,7	61,7	38,7
Pontevedra	47,7	59,3	37,1
2006			
Galicia	49,1	58,4	40,5
A Coruña	50,8	59,0	43,1
Lugo	45,3	54,4	37,2
Ourense	43,8	52,9	35,9
Pontevedra	50,4	61,2	40,6
2007			
Galicia	50,1	59,7	41,4
A Coruña	50,6	60,7	41,7
Lugo	44,9	52,6	37,7
Ourense	46,7	55,8	38,1
Pontevedra	52,7	62,6	43,7

Datos en porcentaxe. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2006

Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE

Xa en anteriores Informes Sociolaborais temos subliñado a gravidade de que a economía galega presente –pese á mellora dos últimos anos– unha taxa de ocupación moi baixa en comparanza coas da UE e da OCDE, porque reflicte a incapacidade para dar unha saída produtiva aos nosos recursos humanos que axude á converxencia real cos países máis desenvolvidos economicamente.

Mentres, parte do noso capital humano debe buscar o seu emprego noutras comunidades autónomas; unha parte importante corresponde a persoal cualificado (licenciados e diplomados, técnicos de F:P) que, despois de se formar en Galicia, van deixar o froito do seu traballo noutras comunidades con maior grao de desenvolvemento económico-social. Ademais, desaproveitamos outra parte dos nosos recursos humanos mediante o abuso das prexubilacións: a banca, a minería e o sector siderometalúrxico son os que máis están a fomentar as “xubilacións anticipadas”.

4.5.2. Distribución da poboación ocupada por sexos, provincias, grupos de idade, sectores económicos e situación profesional

A desagregación por sectores económicos e grupos de idade do cadro 4.30 certifica que o sector que concentra máis poboación ocupada (o de servizos) seguiu no ano 2007 gañando peso e supón xa un 60,8% do emprego total galego (seis décimas máis que o ano anterior) aínda que segue bastante por baixo da media estatal e do conxunto dos países máis desenvolvidos. Poñemos a disposición das persoas interesadas en facer unha análise desagregada por grupos de idade, os datos que permiten facelo.

Poboación ocupada por grupos de idade e sector económico. Galicia 2007

■ Cadro 4.30

	Total	de 16 a 34 anos	de 35 a 44 anos	de 45 a 49 anos	de 50 e máis anos
Total	1.193,4	444,0	322,7	150,1	276,7
Agricultura e pesca	103,1	17,8	27,3	15,3	42,6
Industria e construción	364,6	155,6	94,0	42,8	72,3
Servizos	725,7	270,6	201,3	92,0	161,8

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005

Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE

Para coñecer a situación profesional da poboación ocupada de Galicia presentamos o cadro 4.31, que inclúe a desagregación por sexo e sector económico no último trienio. Salientaremos que:

■ O sector agro-pesqueiro foi o único no que baixou a poboación empregada en 2007 (e fíxoo con moita máis intensidade nas mulleres).

■ A poboación asalariada subiu en 2007 de novo, e supón un 77,3% da poboación ocupada de Galicia; aproxímase máis, deste xeito, a nosa taxa de asalarización ás medias do Estado e da Unión Europea, aínda que segue por baixo delas.

■ Cadro 4.31

Poboación ocupada⁽¹⁾ por sexo, situación profesional e sector económico. Galicia. 2005-2007

	2005			2006			2007		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total poboación ocupada	1.130,1	655,9	474,2	1.164,2	661,4	502,9	1.193,4	678,3	515,0
Agricultura e pesca	120,9	67,8	53,2	110,9	60,7	50,2	103,1	60,1	42,9
Industria	217,4	152,4	65,0	213,9	152,1	61,8	217,3	154,5	62,8
Construción	125,0	118,3	6,7	138,9	129,8	9,2	147,3	135,9	11,3
Servizos	666,7	317,4	349,3	700,5	318,8	381,7	725,7	327,7	397,9
Empresario ou membro de cooperativa	252,4	154,7	97,7	249,4	145,7	103,7	249,0	147,3	101,7
Agricultura e pesca	75,4	36,9	38,5	68,5	30,2	38,3	63,4	29,5	33,8
Industria	23,8	19,3	4,6	25,9	18,5	7,4	25,1	18,4	6,8
Construción	31,0	29,8	1,3	33,3	31,6	1,7	31,2	30,0	1,2
Servizos	122,1	68,8	53,3	121,8	65,4	56,4	129,3	69,4	59,9
Axudas familiares	35,2	14,0	21,2	23,4	9,3	14,0	21,5	9,4	12,1
Agricultura e pesca	20,5	9,5	10,9	12,5	5,8	6,7	10,4	5,8	4,6
Industria	2,1	0,9	1,2	1,3	0,6	0,8	1,0	0,4	0,6
Construción	1,3	0,6	0,7	1,4	0,4	0,9	2,0	0,7	1,3
Servizos	11,4	3,1	8,3	8,1	2,5	5,6	8,1	2,5	5,6
Asalariados	840,9	486,6	354,2	890,7	505,8	384,9	922,0	521,1	401,0
Agricultura e pesca	23,8	20,9	2,9	29,5	24,3	5,1	28,7	24,3	4,4
Industria	191,5	132,2	59,3	186,6	133,0	53,6	191,2	135,8	55,4
Construción	92,7	88,0	4,7	104,3	97,7	6,6	114,1	105,2	8,9
Servizos	532,9	245,5	287,4	570,3	250,8	319,6	588,0	255,8	332,3
Outra situación	1,5	0,5	1,1	0,8	0,5	0,2	0,9	0,6	0,3
Agricultura e pesca	1,2	0,4	0,8	0,5	0,4	0,1	0,6	0,5	0,2
Industria	0,0	-	-	0,1	0,1	-	0,0	-	-
Construción	0,0	-	-	-	-	-	-	-	-
Servizos	0,3	-	0,3	0,2	-	0,2	0,2	0,1	0,1

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005

Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE

■ Séguenlle en importancia cuantitativa do emprego os “empresarios ou membros de cooperativas” (que repiten dato do ano anterior) e, xa de moi lonxe, as persoas que traballan como “axudas familiares”, que tiveron unha diminución de novo no último ano.

■ Por sexos, en 2007 en Galicia un 56,3% das persoas ocupadas como “axudas familiares” son mulleres; están fundamentalmente empregadas nos sectores servizos –no que duplican aos homes- e agro-pesqueiro. No conxunto das persoas asalariadas de Galicia, en cambio, as mulleres supoñen en 2006 só un 43,5%.

A desagregación provincial da poboación ocupada en cada sector económico no último cuadrenio podemos vela no cadro 4.32. Respecto da ocupación global por provincias, salientaremos que no ano 2007 un 76,9 % do emprego total galego concéntrase nas provincias da Coruña e Pontevedra; a primacía na ocupación da Galicia Occidental é ven evidente.

Poboación ocupada por sector económico e provincia. Galicia. 2007

■ Cadro 4.32

	Total	Agricultura e pesca	Industria e construción	Servizos
Galicia	1.193,4	103,1	364,6	725,7
A Coruña	494,8	33,1	145,0	316,7
Lugo	136,9	29,4	35,1	74,8
Ourense	136,4	11,4	43,0	82,0
Pontevedra	422,8	29,3	141,4	252,1

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005

Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE

Porcentaxe de ocupados por sector económico e comunidade autónoma. 2006-2007

■ Cadro 4.33

	Agricultura		Industria		Construción		Servizos	
	2006	2007	2006	2007	2006	2007	2006	2007
España	4,8	4,5	16,7	16,0	12,9	13,3	65,7	66,2
Andalucía	8,2	7,7	10,2	10,1	15,2	15,3	66,4	66,9
Aragón	6,5	5,8	21,3	20,8	10,3	11,6	62,0	61,8
Asturias	5,6	4,7	18,4	17,2	11,5	11,8	64,5	66,4
Baleares	1,8	2,2	8,4	9,6	14,5	15,9	75,3	72,4
Canarias	3,4	3,6	7,0	5,9	14,1	15,3	75,6	75,1
Cantabria	4,2	3,7	17,4	17,7	14,1	13,6	64,3	65,0
C. León	8,1	7,4	17,8	17,7	13,1	12,7	61,1	62,2
C. A Mancha	7,3	7,1	19,2	17,2	16,3	16,9	57,1	58,8
Cataluña	2,6	2,2	23,1	21,7	12,0	12,5	62,4	63,6
C. Valenciana	2,9	3,5	21,0	19,8	13,9	14,8	62,2	61,9
Extremadura	12,2	10,7	11,1	11,7	14,6	14,5	62,2	63,0
Galicia	9,5	8,6	18,4	18,2	11,9	12,3	60,2	60,8
Madrid	1,0	0,8	11,6	11,0	10,9	10,4	76,5	77,7
Murcia	9,9	10,0	15,4	15,5	16,7	17,0	58,0	57,5
Navarra	4,7	4,5	25,5	24,8	10,9	12,7	58,9	58,0
País Vasco	1,5	1,5	24,5	24,2	8,5	9,4	65,5	64,9
A Rioxa	6,7	5,4	27,2	26,4	10,6	11,9	55,4	56,3
Ceuta	-	0,4	4,1	4,0	8,3	7,0	87,7	88,5
Melilla	-	-	2,0	1,8	6,1	5,5	91,9	92,6

Medias anuais

Fonte: INE, EPA

O cadro 4.33 recolle a distribución porcentual da poboación ocupada por sectores económicos en cada unha das comunidades autónomas (e no total estatal). Subliñaremos que:

■ Galicia (que en 2005 baixara, por primeira vez na súa historia, do límite do 10% de emprego agro-pesqueiro) diminuíu en 2007 0,9 puntos máis o peso relativo dese sector no emprego total. A porcentaxe galega de poboación agro-pesqueira é case o dobre da española, pero inferior ás de Extremadura e Murcia.

■ É 2,2 puntos porcentuais maior a porcentaxe de poboación ocupada en Galicia que en España na industria e un punto menor en Galicia na construción; no sector servizos, a diferenza é de 5,4 puntos máis a prol de España.

A desagregación por tipo de contrato (temporal ou indefinido), sexo e comunidade autónoma que recolle o cadro 4.34 reflicte que:

■ No ano 2007 un 68,6% dos contratos de Galicia son indefinidos (tres décimas máis que na media estatal) e un 31,4% son temporais.

■ Nas mulleres é 1,8 puntos superior a contratación temporal en Galicia que nos homes mentres que a nivel estatal esa diferenza amplíase a 2,5 puntos.

**Porcentaxe de poboación asalariada segundo tipo de contrato (indefinido ou temporal) e sexo.
Por CC.AA. 2007**

■ Cadro 4.34

	De duración indefinida			Temporal		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres
España	68,3	69,4	66,9	31,7	30,6	33,1
Andalucía	55,2	56,2	53,7	44,8	43,8	46,3
Aragón	72,4	75,0	69,0	27,6	25,0	31,0
Asturias	69,8	72,1	66,8	30,2	27,9	33,2
Baleares	71,1	69,9	72,5	28,9	30,1	27,5
Canarias	62,3	62,6	61,8	37,7	37,4	38,2
Cantabria	71,1	73,9	67,5	28,9	26,1	32,5
C. León	72,7	75,1	69,5	27,3	24,9	30,5
C. A Mancha	65,9	68,3	62,0	34,1	31,7	38,0
Cataluña	76,3	77,0	75,5	23,7	23,0	24,5
C. Valenciana	65,8	66,7	64,4	34,2	33,3	35,6
Extremadura	58,8	62,0	54,0	41,2	38,0	46,0
Galicia	68,6	69,4	67,6	31,4	30,6	32,4
Madrid	74,9	76,5	73,1	25,1	23,5	26,9
Murcia	60,0	60,3	59,5	40,0	39,7	40,5
Navarra	72,3	75,7	67,9	27,7	24,3	32,1
País Vasco	71,9	76,0	67,1	28,1	24,0	32,9
A Ríoxa	75,0	78,1	70,7	25,0	21,9	29,3
Ceuta	67,4	68,1	66,0	32,6	31,9	34,0
Melilla	66,9	71,0	58,7	33,1	29,0	41,3

Medias anuais
Fonte: INE, EPA

Se desagregamos o estudo da contratación de 2007 entre os sectores privado e público, comprobamos que no primeiro a temporalidade ascende ao 33% mentres que no público é un 24,9%. Se ademais analizamos por sexos, a menor taxa de temporalidade é a dos homes no sector público (19,6%, dez puntos menos que as

mulleres nese sector) e a maior é a das mulleres no sector privado (33,3%, medio punto máis que os homes nese sector).

Chama a atención, dende logo, o gran diferencial entre mulleres e homes na contratación do sector público (dez puntos), que contrasta coa case igualdade por sexos neste aspecto concreto no sector privado (medio punto de diferenza).

Nos capítulos 5 (epígrafe 5.5) e 7 deste mesmo Informe Sociolaboral se amplía a información vinculada coas modalidades de contratación, polo que remitimos alí ás persoas interesadas en afondar nesta cuestión. Cómpre, iso si, lembrar que unha das principais diverxencias da nosa estrutura sociolaboral coa media da UE ou da OCDE segue a ser a altísima temporalidade que temos, porque case un terzo das persoas asalariadas de Galicia (e do total estatal) teñen un contrato temporal. Velaí un bo campo no que continuar a traballar para “homologar” o noso mercado de traballo co dos Estados desenvolvidos cos que queremos converxer.

4.6. Poboación desempregada e taxa de paro

Unha vez rematado o estudo da poboación ocupada, comezamos o estudo doutro compoñente da poboación activa -a poboación desempregada- ao través dos datos que proporcionan as Enquisas de Poboación Activa elaboradas polo INE.

Seguindo o esquema utilizado nos epígrafes anteriores, estudaremos primeiramente as cifras do desemprego das distintas comunidades autónomas e as súas taxas de paro. Posteriormente afondaremos na taxa de desemprego galega (por sexos, provincias e grupos de idade) e na distribución da poboación desempregada por tempo de busca de emprego.

O cadro 4.35 recolle, cos datos do cuarto trimestre, a poboación desempregada nas distintas comunidades autónomas no último trienio. Salientaremos:

■ A maior suba porcentual do desemprego en 2007 tivérona Ceuta-Melilla, Balears e Andalucía mentres que as maiores diminucións foron as de Cantabria, A Rioxa e País Vasco.

■ O descenso porcentual do desemprego de Galicia en 2007 (-5,9%) contrasta coa suba media estatal (6,5%).

■ A participación relativa de Galicia no desemprego total de España en 2007 (5%) baixou sete décimas respecto do ano anterior e quedou agora moi por baixo da porcentaxe no peso demográfico no Estado.

A taxa de paro (porcentaxe de persoas desempregadas sobre a poboación activa) foi en 2007 dun 7,5% en Galicia (seis décimas menos que no ano anterior e 1,1 puntos porcentuais por baixo da media española).

A comparanza da nosa taxa de desemprego coas da OCDE que vimos no capítulo I (no cadro I.2) explicita que pese á forte diminución do último trienio, a nosa taxa aínda supera á da media da OCDE; velaí unha “diverxencia” real da nosa estrutura económico-social que cómpre seguir reducindo para achegármolos ao nivel medio de benestar do conxunto da OCDE.

Poboación desempregada. Por comunidades autónomas. 2005-2007

■ Cadro 4.35

	Valores absolutos Miles			Distribución porcentual	Variacións anuais	
	T IV 05	T IV 06	T IV 07		Miles	%
Andalucía	485,3	438,6	524,1	27,2	85,5	19,5
Aragón	34,1	31,0	33,1	1,7	2,1	6,8
Asturias	43,7	42,7	38,7	2,0	-4,0	-9,4
Baleares	37,0	32,3	49,0	2,5	16,7	51,7
Canarias	103,1	115,0	112,8	5,9	-2,2	-1,9
Cantabria	21,5	16,2	12,8	0,7	-3,4	-21,0
C. A Mancha	80,9	71,4	73,6	3,8	4,7	3,1
C. León	96,3	85,6	81,3	4,2	2,2	-5,0
Cataluña	239,0	247,1	251,8	13,1	4,7	1,9
C. Valenciana	183,3	203,2	223,2	11,6	20,0	9,8
Extremadura	69,6	60,4	70,5	3,7	10,1	16,7
Galicia	114,3	102,5	96,5	5,0	-6,0	-5,9
Madrid	182,7	210,5	209,4	10,9	-1,1	-0,5
Murcia	46,9	52,0	57,3	3,0	5,3	10,2
Navarra	17,8	13,8	13,0	0,7	-0,8	-5,8
País Vasco	67,1	71,1	60,7	3,1	-10,4	-14,6
A Rioxa	10,0	10,9	8,9	0,5	-2,0	-18,3
Ceuta e Melilla	8,8	6,3	10,9	0,6	4,6	73,0
España	1.841,4	1.810,6	1.927,6	100,0	117,0	6,5

Series revisadas segundo a nova metodoloxía EPA-2005

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre. Elaboración polo MTAS, Coyuntura Laboral nº 80, febreiro 2008)

O cadro 4.36 permítenos o seguimento comparativo das taxas de desemprego nas distintas comunidades autónomas no último trienio, evidenciando que:

Taxas de desemprego. Por comunidades autónomas. 2005-2007

■ Cadro 4.36

	Valores das taxas En porcentaxe			Variacións anuais (en puntos porcentuais)	
	T IV 05	T IV 06	T IV 07	T IV 06	T IV 07
Andalucía	13,8	12,2	14,0	-1,6	1,8
Aragón	5,7	5,0	5,1	-0,6	0,1
Asturias	9,6	9,2	8,1	-0,4	-1,1
Baleares	7,5	6,2	9,0	-1,3	2,8
Canarias	10,7	11,5	11,0	0,8	-0,5
Cantabria	8,1	6,0	4,6	-2,1	-1,4
C. A Mancha	9,4	8,0	8,0	-1,4	-0,1
C. León	8,5	7,5	7,0	-1,1	-0,5
Cataluña	6,6	6,7	6,6	0,0	0,0
C. Valenciana	8,0	8,5	9,0	0,5	0,5
Extremadura	15,3	12,9	14,7	-2,4	1,7
Galicia	9,1	8,1	7,5	-1,0	-0,6
Madrid	5,9	6,5	6,4	0,6	-0,1
Murcia	7,4	7,9	8,3	0,5	0,4
Navarra	6,0	4,6	4,3	-1,4	-0,3
País Vasco	6,4	6,7	5,7	0,3	-0,9
A Rioxa	6,5	7,0	5,6	0,5	-1,4
Ceuta e Melilla	16,3	11,9	18,4	-4,4	6,4
España	8,7	8,3	8,6	-0,4	0,3

Series revisadas segundo a nova metodoloxía EPA-2005 (cambio de base de poboación)

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre. Elaboración do MTAS, Coyuntura Laboral nº 80, febreiro 2008

■ En 2007 a taxa de desemprego diminuíu en Galicia seis décimas mentres que a estatal subiu tres décimas.

■ A clasificación autonómica ordenada por maior taxa de desemprego encabézana Ceuta-Melilla, Estremadura e Andalucía; péchana Navarra, Cantabria e Aragón.

A desagregación por sexos no último trienio das taxas de desemprego que figuran no cadro 4.37 permite observar que:

■ A taxa feminina de Galicia en 2007 está un 75% por riba da masculina, pese á forte diminución dos últimos anos.

■ A taxa de desemprego masculina de Galicia baixou menos que a feminina no último bienio.

■ O diferencial entre a taxa de paro das mulleres e a dos homes en Galicia en 2007 (4,3 puntos) é o menor do período estudado.

■ Cadro 4.37

Taxa de desemprego. Galicia. 2005-2007

	Total	Homes	Mulleres
2005*	9,9	7,2	13,5
2006*	8,5	6,1	11,4
2007*	7,6	5,7	10,0

En porcentaxe. Metodoloxía EPA. 2005

(*) Medias anuais

Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE

O cadro 4.38 reflicte que:

■ As taxas de desemprego son máis do dobre no grupo de idade das persoas menores de 25 anos que no total de persoas desempregadas en Galicia, tanto globalmente coma en cada un dos sexos.

■ A taxa de desemprego en Galicia das mulleres máis novas foi en 2007 dun 20,54%, porcentaxe que queda 1,4 puntos por baixo da media estatal das mulleres menores de 25 anos.

■ Cadro 4.38

Taxa de paro por distintos grupos de idade e sexo. Galicia.España. 2005-2007

	Total			Menores de 25 anos			De 25 a 54 anos			De 55 e máis anos		
	2005	2006	2007	2005	2006	2007	2005	2006	2007	2005	2006	2007
Ambos sexos												
España	9,16	8,51	8,26	19,66	17,92	18,19	7,99	7,55	7,24	5,88	5,44	5,60
Galicia	9,94	8,48	7,64	20,99	18,00	15,94	9,03	7,73	7,07	6,25	5,87	5,05
Homes												
España	7,04	6,31	6,37	16,70	14,97	15,24	5,89	5,35	5,42	5,20	4,61	4,63
Galicia	7,18	6,08	5,72	16,35	14,00	12,89	6,29	5,12	5,02	5,03	5,74	4,43
Mulleres												
España	12,16	11,55	10,85	23,45	21,61	21,94	10,88	10,50	9,65	7,24	7,08	7,39
Galicia	13,51	11,44	10,04	26,75	23,32	20,54	12,50	10,85	9,51	8,06	6,06	6,03

Medias anuais
Fonte: INE. EPA

Para permitir a análise das persoas interesadas nunha maior desagregación dos datos da poboación desempregada das distintas comunidades (e cidades) autónomas, presentamos no 4.39 a distribución por tempo de busca de emprego, diferenciada por sexos.

**Parados por tempo de búsqueda de emprego dun ano ou máis, sexo e comunidade autónoma.
Porcentaxe respecto do total de cada comunidade**

■ Cadro 4.39 (1)

		Xa encontrou emprego 2007	De 1 ano a menos de 2 anos 2007	2 anos ou máis 2007
Ambos sexos				
España		14,1	11,5	12,2
	Andalucía	13,2	11,7	14,5
	Aragón	16,9	10,3	8,7
	Asturias	10,8	10,5	23,9
	Baleares	23,9	4,8	5,4
	Canarias	12,0	13,0	12,4
	Cantabria	15,1	8,7	14,1
	C. León	15,5	11,3	14,0
	C. A Mancha	16,3	10,8	11,1
	Cataluña	11,4	13,6	9,0
	C. Valenciana	15,8	10,7	8,2
	Extremadura	12,9	12,9	17,1
Galicia		14,3	10,7	17,7
	Madrid	15,4	10,1	9,9
	Rexión de Murcia	15,5	10,3	6,8
	Navarra	21,2	8,1	8,9
	País Vasco	15,2	13,6	15,0
	A Ríoxa	20,2	8,8	7,7
	Ceuta	6,9	27,8	23,0
	Melilla	4,3	16,8	27,8
Homes				
España		15,6	10,3	9,9
	Andalucía	14,9	10,2	10,7
	Aragón	16,4	7,1	5,7
	Asturias	13,1	8,7	27,4
	Baleares	22,2	6,1	4,4
	Canarias	13,4	12,7	9,5
	Cantabria	18,3	10,0	14,4
	C. León	19,7	8,9	10,9
	C. A Mancha	20,2	12,5	7,7
	Cataluña	12,2	8,8	9,1
	C. Valenciana	16,8	9,9	7,7
	Extremadura	16,0	9,7	12,8
Galicia		16,9	9,7	13,2
	Madrid	16,5	10,0	6,9
	Rexión de Murcia	17,3	9,4	5,1
	Navarra	22,0	6,7	6,0
	País Vasco	15,6	13,1	14,9
	A Ríoxa	19,4	7,5	11,0
	Ceuta	7,2	25,2	20,0
	Melilla	4,1	8,6	28,8

**Parados por tempo de búsqueda de emprego dun ano ou máis, sexo e comunidade autónoma.
Porcentaxe respecto do total de cada comunidade**

■ Cadro 4.39 (2)

		Xa encontrou emprego 2007	De 1 ano a menos de 2 anos 2007	2 anos ou máis 2007
Mulleres				
España		13,0	12,5	14,1
	Andalucía	11,8	12,9	17,6
	Aragón	17,2	12,5	10,9
	Asturias	9,1	11,7	21,4
	Baleares	25,4	3,6	6,3
	Canarias	10,7	13,3	14,9
	Cantabria	12,7	7,6	13,9
	C. León	12,8	12,8	16,0
	C. A Mancha	13,6	12,1	13,5
	Cataluña	10,6	14,6	8,9
	C. Valenciana	14,9	12,3	8,7
	Extremadura	10,7	15,1	20,3
Galicia		12,4	11,4	21,0
	Madrid	14,6	10,3	12,3
	Región de Murcia	13,7	11,2	8,3
	Navarra	20,8	8,9	10,8
	País Vasco	15,0	14,1	15,0
	A Ríoxa	20,8	9,6	5,3
	Ceuta	6,7	30,3	25,7
	Melilla	4,5	22,4	27,0

Datos en medias anuais

Os resultados de Ceuta e Melilla deben tomarse con precaución porque poden estar afectados por grandes erros de mostraxe

Fonte: INE, EPA

Sinalaremos tan só que, dos tres grupos que figuran neste cadro, en Galicia son maioritarios (globalmente e máis nas mulleres) o colectivo das persoas que levan dous anos ou máis desempregadas, mentres que nos homes o colectivo cuantitativamente maior é o das persoas que xa encontraron emprego.

A evolución por provincias e sexos da taxa de desemprego no último trienio figura no cadro 4.40, e reflicte que:

- No último ano non subiu a taxa global de paro en ningunha provincia e o maior descenso presentouno Ourense.
- As dúas provincias que teñen en 2007 as maiores taxas de desemprego feminino (ambas as dúas maiores do 10%) son A Coruña e Pontevedra. Sobresaen as provincias de Lugo e Ourense pola súa menor taxa de desemprego, tanto globalmente como para cada un dos sexos.
- O diferencial entre as taxas de desemprego masculina e feminina é especialmente alto en A Coruña (4,8 puntos) e Pontevedra (4,4 puntos) mentres que o menor dase en Lugo (2,8 puntos).

No cadro 4.41 recolleemos a distribución da poboación desempregada galega no último cuatrienio segundo o tempo de busca no emprego. Salientaremos que:

- Baixou en 2007 o número de persoas desempregadas nos catro primeiros epígrafes, mentres que subiu o da poboación que xa atopou emprego.
- Baixou en Galicia o desemprego de longa duración en 2007 en 28.000 persoas, e quedou co menor valor do período analizado (28.000 persoas), case a terceira parte que un trienio antes (75.700 persoas).

Taxa de desemprego. Por sexo e provincia. Galicia. 2005-2007

■ Cadro 4.40

	Total	Homes	Mulleres
2005			
Galicia	9,9	7,2	13,5
A Coruña	9,9	7,6	12,7
Lugo	6,7	4,6	9,5
Ourense	10,5	7,9	13,9
Pontevedra	11,0	7,4	15,8
2006			
Galicia	8,5	6,1	11,4
A Coruña	8,3	6,3	10,8
Lugo	6,7	4,8	9,1
Ourense	9,0	6,4	12,2
Pontevedra	9,1	6,2	12,9
2007			
Galicia	7,6	5,7	10,0
A Coruña	8,3	6,1	10,9
Lugo	5,8	4,6	7,4
Ourense	5,7	4,2	7,7
Pontevedra	8,1	6,1	10,5

En porcentaxe. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005

Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE

Poboación desempregada por tempo de busca de emprego. Galicia. 2003-2007

■ Cadro 4.41

	2003	2004	2005	2006	2007
Total poboación desempregada	155,8	170,6	124,8	107,8	98,7
Menos de 6 meses	52,1	52,2	51,8	48,3	45,3
De 6 a < 1 ano	25,8	32,4	16,8	14,3	11,3
De 1 ano a menos de 2 anos	24,2	27,1	19,3	13,2	10,5
2 anos ou máis	44,3	48,6	26,0	19,9	17,5
Xa atopou traballo	9,4	10,3	11,0	12,1	14,1

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005

Fonte: INE, EPA. Elaboración DO IGE

4.7. O paro rexistrado

Os datos para a elaboración da estatística do Paro Rexistrado na Comunidade Autónoma obtéñense da oficina de Emprego da Xunta de Galicia onde o colectivo de desempregados se inscribe co fin de solicitar servizos de intermediación laboral, formación, información de prestacións, etc. Recollidos os datos a través dunha entrevista ocupacional co demandante, introdúcense no sistema informático do SPEE-INEM que remite dentro dos cinco primeiros días hábiles de cada mes, os datos procesados por provincias á Dirección Xeral de Formación e Colocación para a elaboración das estatísticas autonómicas.

Dentro do colectivo de parados son obxecto de tratamento aqueles que teñen demandas pendentes de satisfacer o último día do mes, agás os que se atopen nalgunha das situacións establecidas na Orde Ministerial do 11 de marzo de 1985 (BOE de 14/3/85):

- Demandantes que solicitan outro emprego compatible co que exercen (pluriem-prego).
- Demandantes que estando ocupados, solicitan un emprego para cambialo polo que teñen (mellora de emprego).
- Perceptores de prestacións por desemprego que realicen traballos de colabora-ción social (perciben a prestación por desemprego completada pola realización do traballo de colaboración social).
- Pensionistas de xubilación, invalidez absoluta, grande invalidez ou igual ou maiores de 65 anos (xubilados).
- Demandantes de emprego por un período inferior a 3 meses (emprego conxun-tural).
- Demandantes de traballo parcial inferior a 20 horas semanais (xornada <20 horas).
- Menores de 25 anos que cursen estudos de ensinanza oficial reguladas ou su-perando esta idade sexan demandantes de primeiro emprego (estudantes).
- Asistentes a cursos de formación profesional ocupacional superiores a 20 horas lectivas á semana, que teñan unha bolsa polo menos de manutención e sexan de-mandantes de primeiro emprego (estudantes).
- Aqueles preceptores de prestacións por desemprego que a compatibilizan con traballo a tempo parcial (compatibilidade prestacións).
- Demandantes coa demanda suspendida en tanto permanezan nesa situación, xa que a suspensión da demanda, que xeralmente se tramita a petición do deman-dante e por causa que o xustifique, interrompe a busca de emprego (ex.: I.T.) (demandas suspendidas)
- Demandantes que están a percibir o subsidio agrario ou que, esgotándoo, non transcorrera un período superior a un ano dende o día do nacemento do dereito (traballadores eventuais agrícolas subsidiados).
- Demandantes que rexeiten accións de inserción laboral axeitadas ás súas carac-terísticas (rexeitamento de accións de inserción laboral).
- Demandantes sen dispoñibilidade inmediata para o traballo, como demandantes inscritos para participar nun proceso de selección dun posto de traballo determi-nado, solicitantes de emprego soamente no estranxeiro, de emprego só a domici-lio, de expediente de regulación de emprego, etc. (outras causas).

Existe un grande número de situacións ás que as demandas de emprego penden-tes nas Oficinas de Emprego non se consideran incluídas no concepto de paro rexistrado, e nalgunha delas, tal vez, sería discutible a súa non inclusión, ao que hai que engadir que nalgúns casos as baixas expectativas de atopar traballo a través dos Servizos Públicos de Emprego provoca a non inscrición como demandante, así como a obriga da renovación da demanda de emprego cada 3 meses.

Por estas razóns considéranse máis fiables os datos da EPA. Moitos dos cataloga-dos como parados rexistrados serían clasificados como inactivos se se lles aplicase o cuestionario EPA.

No ano 2005 implantouse un novo sistema informático que afecta significativamente o número de parados rexistrados, debido á eliminación de clases de clasificación obsoletas e á corrección do tratamento de determinados colectivos. Os incrementos do paro rexistrado que se poden observar, a partir da implantación o 04/05/2005, do programa SISPE, tanto en Galicia coma en España, non se corresponden a un incremento real do paro, senón a unha mellor recollida de información do SISPE. O anterior sistema chamado SILE, subestimaba a cifra do paro rexistrado en preto de 30.000 persoas en Galicia.

Neste sentido actualizouse a base de datos, reconstruíndo os datos a nivel nacional, entre o ano 2001 e abril de 2005, ata a implantación definitiva do SISPE o 04/05/2005, para poder realizar comparacións sobre o paro rexistrado.

Paro rexistrado. Por comunidade autónoma. 2007

■ Cadro 4.42

	Parados Decembro 2007	Variacións anuais	
		Variación absoluta	% Variación
Andalucía	510.817	33.033	6,91
Aragón	38.378	1.871	5,13
Asturias	51.229	-1.684	-3,18
Baleares	50.004	3.720	8,04
Canarias	139.081	16.928	13,86
Cantabria	21.848	235	1,09
C. A Mancha	94.955	4.034	4,44
C. León	109.711	1.290	1,19
Cataluña	265.789	5.040	1,93
C. Valenciana	215.693	20.814	10,68
Extremadura	76.202	1.565	2,10
Galicia	154.982	-5.684	-3,54
Madrid	229.150	17.592	8,32
Rexión de Murcia	51.623	8.032	18,43
Navarra	21.575	515	2,45
País Vasco	74.582	-1.621	-2,13
A Ríoxa	10.753	599	5,90
Ceuta	6.764	60	0,89
Melilla	6.411	335	5,51
España	2.129.547	106.674	5,27

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia / SPEE-INEM

Deste cadro extráese:

■ A diminución do paro en Galicia chegou ao 3,54%, mentres que os datos da media de España son máis negativos, cunha suba do desemprego do 5,27%.

■ O número absoluto de parados en 2007 diminuíu respecto a anos anteriores e a taxa de paro alcanzou o 11,90%, mentres que a media do conxunto do Estado foi do 9,59%.

A achega de Galicia ao paro rexistrado estatal foi de 7,28%.

A evolución do paro rexistrado en Galicia dende o ano 2001 (cadros 4.43 e 4.44) e a taxa de paro reflicten unha tendencia á baixa dende o ano 2004.

**Evolución do paro rexistrado e da taxa de paro. Galicia.
Galicia 2005-2007**

■ Cadro 4.43

	Nº Parados	Taxa de paro
2005	178.676	14,11
2006	160.666	12,51
2007	154.982	11,90

Datos de decembro de cada ano

*Calculado en función da poboación activa publicada na EPA do 2º trimestre

2004 revisada

Fonte: Oficinas de emprego da Xunta de Galicia. Consellería de Traballo.

Informe do paro rexistrado

**Evolución do paro rexistrado. Cifras publicadas
e simulación retrospectiva con criterios SISPE.
Galicia 2001-2004**

■ Cadro 4.44

	Paro rexistrado publicado	Paro rexistrado simulación SISPE
2001	138.354	166.761
2002	151.015	179.850
2003	157.337	188.407
2004	154.363	184.680

Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal

O paro rexistrado por provincias toma como variables a idade (<25 anos e >25 anos e o sexo).

Paro rexistrado. Por provincias e idades. Galicia. 2007

■ Cadro 4.45

	Paro mes	Menores de 25 anos			Maiores de 25 anos		
		Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
A Coruña	62.474	5.837	2.855	2.982	56.637	21.014	35.623
Lugo	15.659	1.926	877	1.049	13.733	5.680	8.053
Ourense	19.623	1.907	902	1.005	17.716	6.530	11.186
Pontevedra	57.226	6.185	3.032	3.153	51.041	18.200	32.841
Galicia	154.982	15.855	7.666	8.189	139.127	51.424	87.703

Datos de decembro de 2007

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia. Consellería de Traballo (Informe do paro rexistrado)

Paro rexistrado e taxa de paro. Por provincias. 2007

■ Cadro 4.46

	Nº Parados Dec. 2007	Taxa de paro	Variación Decembro 2006	%
A Coruña	62.474	11,51	-3.207	-4,88
Lugo	15.659	10,55	-503	-3,11
Ourense	19.623	13,32	-256	-1,29
Pontevedra	57.226	12,34	-1.718	-2,91

Datos de decembro 2007

Fonte: Oficinas de Emprego da Xuntade Galicia. Consellería de Traballo: Informe do paro rexistrado

Por provincias (cadro 4.46) vemos que en todas se produciu unha diminución do paro rexistrado, tendo en conta a revisión que sobre os datos do 2004 se calcularon en función da poboación activa publicada da EPA do 2º trimestre.

Se comparamos estes valores cos estatais, observamos que as catro provincias galegas superan a taxa española (9,59%), destacando especialmente Ourense (13,32%) e Pontevedra (12,34%), ao igual que no ano 2006, pero cunha tendencia optimista a reducir diferenzas.

As taxas de paro rexistrado en Galicia en 2007 por sexo e grupo de idade, mostran unha taxa do 12,28% para os menores de 25 anos e unha taxa do 12,31% para os maiores de 25 anos.

■ Cadro 4.47

Taxa de paro. Por idades e sexos. Galicia. 2007

	Menores de 25 anos	Maiores de 25 anos
Homes	10,02	7,94
Mulleres	14,54	16,69

Datos de decembro 2007

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia. Consellería de Traballo. Informe do paro rexistrado

Se á variable de idade engadimos a variable sexo, observamos que como en 2006 as taxas son maiores en mulleres que en homes.

En decembro de 2007 o total de homes parados rexistrados alcanzaban os 59.090, o que supoñía un 38,13% do total da poboación parada, fronte a unha poboación parada feminina de 95.892 mulleres que representaban o 61,87% do total. En 2006 estas porcentaxes foron do 37,50% e do 62,50%, respectivamente.

Tanto a poboación parada masculina, como a feminina reducíronse en 2007. A taxa de paro rexistrado no grupo de homes diminuíu 0,29 puntos, pasando do 8,49% de 2006 ao 8,20% de 2007, e no grupo de mulleres a diminución foi maior, alcanzando os 0,97 puntos de descenso, quedando a taxa de paro rexistrado en 16,49% en 2007, fronte ao 17,46% de 2006.

■ Cadro 4.48

Paro rexistrado. Por sectores. Galicia. 2007

	Parados decembro 2007	Variación decembro 2006	% Variación
Agricultura e pesca	4.995	-61	-1,21
Industria	24.488	-1.290	-5,00
Construción	16.925	-198	-1,16
Servizos	85.494	-3.717	-4,17
Sen emprego anterior	23.080	-418	-1,78

Datos decembro 2007

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia. Consellería de Traballo: Informe do paro rexistrado

Aínda que a repartición do número de parados rexistrados prexudica claramente ao colectivo feminino, apréciase unha lixeira melloría na repartición porcentual; o peso do paro rexistrado feminino minorouse levemente.

Distanciáronse o grupo de mulleres <25 anos (14,54%) do grupo de mulleres >25 anos (16,69%), a diferenza do ano 2006 onde os dous grupos de idade alcanzaron valores moi similares.

A distribución por sectores do paro rexistrado comparándoo co ano anterior reflicte unha diminución en todos eles.

O sector servizos segue sendo o que máis desempregados rexistra superando en 39.086 parados, a suma dos outros tres sectores produtivos, agricultura e pesca, industria e construción, xuntos.

Se os comparamos co 2006, ponse de manifesto unha baixada en todos os sectores, especialmente no sector de industria (-5,00%) e no sector servizos (-4,17%).

A menor diminución do paro rexistrado produciuse no sector de agricultura e pesca, seguido do sector da construción, sector que no ano 2006 experimentou unha forte redución dos desempregados inscritos como demandantes de emprego.

Comparando estes datos cos do conxunto de España apreciamos que ao igual que en Galicia, se produciu unha diminución no sector de industria (-0,77%). O outro colectivo no que o paro rexistrado se reduciu foi no grupo de “sen emprego anterior” (-2,28%), aínda que os resultados globais reflicten unha suba do 5,27%.

O paro rexistrado por nivel académico e provincia reflíctese no cadro 4.49 onde se aprecia un maior rexistro de parados no grupo con nivel de certificado de estudos primarios, 48.577 parados (49.392 en 2006) e no da EXB, 47.994 parados (48.845 en 2006). Estes dous colectivos xuntos supoñen un 64,15% (60,00% en 2006).

Paro rexistrado. Por nivel académico e provincias. 2007

■ Cadro 4.49

	Sen estudos	Sen certif. estudos prim.	Con certif. estudos prim.	EXB	BUP	FP	Estudos medios	Estudos superiores
A Coruña	522	3.799	18.255	19.511	5.968	8.119	2.455	3.845
Lugo	124	1.483	5.112	4.133	1.278	2.072	783	674
Ourense	136	1.486	7.062	5.347	1.983	2.101	771	737
Pontevedra	291	2.598	18.148	19.003	5.225	7.234	1.969	2.758
Galicia	1.073	9.366	48.577	47.994	14.454	19.526	5.978	8.014

Datos de decembro 2007

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia. Consellería de Traballo: Informe do paro rexistrado

Mediante o rexistro de parados recollido nas Oficinas de Emprego de Galicia pódese facer unha división por concellos e bisbarras, tendo en conta as variables de idade, sexo e sectores económicos. Esta distribución posibilita unha análise máis detallada da situación de cada zona xeográfica e a conseguinte planificación de accións e recursos para emendar as carencias e deficiencias de programas específicos que reduzan o número de parados.

■ Cadro 4.50

Paro rexistrado por comarcas. Por idades e sectores económicos.Galicia.2007

Comarcas	Paro mes actual	Distribución por idades						Distribución por sectores económicos				
		Menores de 25 anos			Resto de idades			Agric./ gand.	Industria	Construc.	Servizos	Sen emprego
		Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres					
A Barcala	677	40	18	22	637	301	336	20	84	130	393	50
Muros	801	69	30	39	732	272	460	56	187	131	333	94
Noia	1.774	146	61	85	1.628	670	958	123	287	301	874	189
O Sar	1.023	97	45	52	926	369	557	20	198	147	545	113
Ordes	1.675	152	56	96	1.523	590	933	32	396	261	729	257
Ortega	603	55	26	29	548	229	319	68	68	75	311	81
Santiago	8.818	877	383	494	7.941	2.983	4.958	106	902	820	5.630	1.360
Terra de Melide	648	62	19	43	586	201	385	20	115	64	276	173
Terra de Soneira	1.262	90	42	48	1.172	457	715	77	228	274	496	187
Xallas	954	47	17	30	907	447	460	15	160	268	414	97
A Coruña	19.978	1.693	918	775	18.285	6.942	11.343	363	2.841	1.652	13.034	2.088
Arzúa	777	76	41	35	701	268	433	24	137	114	370	132
Barbanza	3.623	401	176	225	3.222	1.174	2.048	333	978	351	1.579	382
Bergantiños	4.670	399	201	198	4.271	1.468	2.803	126	1.506	814	1.737	487
Betanzos	1.627	181	87	94	1.446	538	908	30	236	191	941	229
Eume	1.329	160	96	64	1.169	521	648	19	259	172	643	236
Ferrol	10.579	1.122	575	547	9.457	3.030	6.427	157	1.308	1.045	5.632	2.437
Fisterra	1.656	170	64	106	1.486	554	932	91	231	289	749	296
A Fonsagrada	208	21	11	10	187	107	80	24	27	22	106	29
A Mariña Central	1.249	178	77	101	1.071	395	676	81	129	133	681	225
A Mariña Occidental	1.281	171	60	111	1.110	366	744	81	83	98	841	178
A Mariña Oriental	601	72	41	31	529	218	311	19	72	71	353	86
A Ulloa	373	27	14	13	346	180	166	22	53	70	183	45
Chantada	614	63	34	29	551	294	257	34	70	117	313	80
Lugo	5.780	785	365	420	4.995	1.900	3.095	95	401	454	3.646	1.184
Meira	193	21	14	7	172	72	100	11	24	14	107	37
Os Ancares	455	56	28	28	399	205	194	39	35	75	254	52
Quiroga	296	27	12	15	269	110	159	21	38	40	146	51
Sarria	1.111	119	50	69	992	436	556	22	141	150	599	199
Terra Chá	1.738	206	87	119	1.532	754	778	39	249	346	860	244
Terra de Lemos	1.760	180	84	96	1.580	643	937	53	191	250	892	374
A Limia	1.451	121	53	68	1.330	471	859	85	237	203	739	187
Allariz-Maceda	658	62	35	27	596	213	383	36	155	98	292	77
Baixa Limia	482	38	23	15	444	179	265	48	48	76	255	55
O Carballiño	1.664	175	87	88	1.489	590	899	38	267	225	886	248
O Ribeiro	1.018	95	41	54	923	399	524	45	146	136	523	168
Ourense	8.455	929	433	496	7.526	2.570	4.956	141	1.146	908	5.071	1.189
Terra de Caldelas	132	6	2	4	126	75	51	4	15	21	76	16
Terra de Celanova	1.302	97	49	48	1.205	514	691	51	202	209	638	202
Terra de Trives	243	10	5	5	233	117	116	7	53	39	120	24
Valdeorras	1.400	163	76	87	1.237	413	824	33	353	151	669	194
Verín	2.375	183	84	99	2.192	778	1.414	80	476	345	1.004	470
Viana	443	28	14	14	415	211	204	21	41	100	218	63
A Paradanta	773	70	26	44	703	322	381	26	108	129	399	111
Caldas	2.217	280	123	157	1.937	647	1.290	47	437	348	992	393
O Baixo Miño	3.360	447	203	244	2.913	1.008	1.905	274	543	410	1.589	544
O Condado	2.743	301	150	151	2.442	813	1.629	149	500	334	1.437	323
Deza	1.451	206	79	127	1.245	486	759	51	300	192	669	239
O Morrazo	5.472	627	316	311	4.845	1.796	3.049	599	699	417	2.944	813
O Salnés	7.151	813	369	444	6.338	2.240	4.098	204	1.225	777	4.062	883
Pontevedra	6.746	769	352	417	5.977	2.197	3.780	208	755	661	4.036	1.086
Tabeirós-Terra de Montes	1.371	161	77	84	1.210	461	749	30	181	200	657	303
Vigo	25.942	2.511	1.337	1.174	23.431	8.230	15.201	597	4.967	2.007	14.551	3.820
Total	154.982	15.855	7.666	8.189	139.127	51.424	87.703	4.995	24.488	16.925	85.494	23.080

Datos de decembro. En miles

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia. Consellería de Traballo. Informe do paro rexistrado

4.8. A poboación inactiva

No cadro 4.5 I reflíctense os datos da poboación inactiva en Galicia, diferenciándoo por provincias e situación de inactividade, así como os datos dos 2 anos anteriores, co fin de poder apreciar a súa evolución.

■ Cadro 4.5 I

Poboación inactiva por situación de inactividade. Galicia e provincias. 2005-2007

	2005	2006	2007
Total			
A Coruña	448,5	434,2	437,6
Lugo	156,8	160,0	162,1
Ourense	156,9	152,0	147,6
Pontevedra	348,8	354,4	341,7
Galicia	1.111,0	1.100,6	1.089,0
Estudantes			
A Coruña	69,1	68,6	73,3
Lugo	19,9	20,9	20,0
Ourense	17,2	16,1	17,4
Pontevedra	58,1	59,2	51,9
Galicia	164,3	164,8	162,6
Retirados, xubilados e pensionistas			
A Coruña	217,4	204,7	215,6
Lugo	89,3	95,3	104,0
Ourense	93,1	90,2	88,9
Pontevedra	166,7	166,2	164,9
Galicia	566,4	556,5	573,5
Labores da casa			
A Coruña	114,7	108,0	103,9
Lugo	31,5	26,3	24,9
Ourense	33,1	27,5	27,8
Pontevedra	88,8	84,3	86,8
Galicia	268,0	246,2	243,5
Incapacitado permanente			
A Coruña	35,4	41,6	37,7
Lugo	10,5	13,6	10,2
Ourense	10,0	16,1	11,9
Pontevedra	25,8	33,2	32,1
Galicia	81,7	104,5	91,9
Outra situación			
A Coruña	12,0	11,2	7,1
Lugo	5,6	4,0	2,8
Ourense	3,6	2,1	1,6
Pontevedra	9,4	11,4	5,9
Galicia	30,6	28,6	17,3

Miles de persoas

Fonte: INE. EPA. Elaboración do IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE

■ Como en anos anteriores máis da metade das persoas inactivas atópase no grupo de “retirados, xubilados, pensionistas” 52,67%, 2,48 puntos máis que no ano 2006 e 8,27 puntos por riba da media española (44,4%).

■ A continuación atopamos a categoría de “labores do fogar”, con resultados similares ao ano anterior (22,36%).

■ O grupo de “estudantes” representa o 14,93% da poboación inactiva (14,97% en 2006).

■ Destaca a suba na categoría de “retirados, xubilados e pensionistas” en Lugo 64,16% (59,56% en 2006) e na Coruña 49,27% (47,14% en 2006).

■ Na única situación na que a poboación inactiva baixou en todas as provincias foi “incapacitado permanente” 91.900 incapacitados (104.500 en 2006 e 81.700 en 2005).

■ **Cadro 4.52**

Poboación inactiva por situación de inactividade e comunidade autónoma. 2007

	Total	Estudante	Xubilado ou prexubilado	Labores da casa	Incapacitado permanente	Perceptor de pensión distinta de xubilación ou prexubilación	Outras situacións ⁽¹⁾
Total	15.473,0	2.271,0	5.143,3	4.885,6	1.026,6	1.734,1	412,4
Andalucía	2.870,5	461,7	783,1	980,9	225,7	326,4	92,8
Aragón	451,4	59,2	172,8	136,3	27,4	49,9	5,9
Asturias	463,5	56,9	178,9	125,1	38,6	53,8	10,2
Baleares	306,3	41,7	100,3	99,3	17,2	36,7	11,1
Canarias	652,5	118,6	159,8	221,8	53,4	76,5	22,3
Cantabria	213,9	31,7	77,2	63,6	13,8	23,0	4,6
C. A Mancha	998,4	138,3	372,5	307,7	45,5	113,0	21,5
C. León	716,5	98,5	204,7	271,4	41,1	81,7	19,1
Cataluña	2.254,2	272,4	828,9	693,4	117,1	281,4	61,0
C. Valenciana	1.613,9	218,8	569,1	503,8	125,5	164,2	32,5
Extremadura	423,3	73,1	118,0	138,2	30,0	53,0	11,1
Galicia	1.089,9	162,6	473,4	243,5	91,9	100,1	26,7
Madrid	1.841,4	304,7	591,7	591,8	88,8	196,5	67,8
Murcia	447,9	67,9	138,6	149,8	39,6	41,5	10,5
Navarra	196,0	28,8	66,5	59,9	11,2	26,0	3,5
País Vasco	775,8	113,9	259,7	242,4	50,7	93,8	15,3
A Ríoxa	107,7	14,2	39,0	36,3	5,1	10,8	2,2
Ceuta	27,2	4,2	4,3	11,0	3,0	2,3	2,4
Melilla	23,6	3,7	4,8	9,2	1,1	3,6	1,1

(1) A categoría “Outra situación” inclúe aos inactivos que non mencionan ningunha situación de inactividade e declaran estar buscando emprego ou traballar

Datos en miles

Fonte: INE, EPA 4º trimestres de 2007

Para finalizar podemos facer unha breve análise da situación dos “inactivos” no resto das comunidades Autónomas:

■ Ao igual que o ano anterior, Galicia segue sendo a comunidade con maior porcentaxe de persoas inactivas no grupo de “xubilados e prexubilados” 43,5% (41,7% en 2006 e 41,3% en 2005), seguido de Asturias 38,6% (38,5% en 2006 e 39,1% en 2005). A media nacional é de 33,2% (32,5% en 2006 e 32,2% en 2005).

■ No grupo de “estudantes” a porcentaxe de Galicia 14,9% (15,2% en 2006) é similar ao resto das comunidades autónomas (España 14,7% en 2007 e 15,2% en 2006).

■ A porcentaxe de inactivos no grupo de “labores do fogar” segue sendo o máis baixo do total de España e con tendencia a diminuír 22,4% (22,6% en 2006 en Galicia, 23% en 2005, 23,1% en 2004) e 31,6% en España en 2007 (31,1% en 2006 e 32,2% en 2005) e en Asturias 27% (27,1% en 2006 e 29% en 2005).

■ No ano 2007 diminuíu o tanto por cento de “incapacitados permanentes” pasando a un 8,4% (9,6% en 2006 e 8,3% en 2005). Deixa de ser a comunidade con maior tanto por cento de inactivos nesta categoría (España 6,6%), ocupando Ceuta (10,9%) o primeiro lugar, seguido da Rexión de Murcia (8,8%).

■ **Cadro 4.53 Poboación inactiva por clase principal de inactividade e comunidade autónoma. 2007**
Porcentaxe respecto do total de cada comunidade autónoma

	Total	Estudante	Xubilado ou prexubilado	Labores da casa	Incapacitado permanente	Perceptor de pension distinta de xubilación ou prexubilación	Outras situacións ⁽¹⁾
Total	100,0	14,7	33,2	31,6	6,6	11,2	2,7
Andalucía	100,0	16,1	27,3	34,2	7,9	11,4	3,2
Aragón	100,0	13,1	38,3	30,2	6,1	11,1	1,3
Asturias	100,0	12,3	38,6	27,0	8,3	11,6	2,2
Baleares	100,0	13,6	32,7	32,4	5,6	12,0	3,6
Canarias	100,0	18,2	24,5	34,0	8,2	11,7	3,4
Cantabria	100,0	14,8	36,1	29,7	6,4	10,8	2,2
C. A Mancha	100,0	13,8	37,3	30,8	4,6	11,3	2,2
C. León	100,0	13,7	28,6	37,9	5,7	11,4	2,7
Cataluña	100,0	12,1	36,8	30,8	5,2	12,5	2,7
C. Valenciana	100,0	13,6	35,3	31,2	7,8	10,2	2,0
Extremadura	100,0	17,3	27,9	32,7	7,1	12,5	2,6
Galicia	100,0	14,9	43,5	22,4	8,4	9,2	1,6
Madrid	100,0	16,5	32,1	32,1	4,8	10,7	3,7
Murcia	100,0	15,2	30,9	33,5	8,8	9,3	2,4
Navarra	100,0	14,7	33,9	30,6	5,7	13,2	1,8
País Vasco	100,0	14,7	33,5	31,2	6,5	12,1	2,0
A Ríoxa	100,0	13,2	36,3	33,7	4,7	10,1	2,1
Ceuta	100,0	15,6	15,8	40,4	10,9	8,6	8,7
Melilla	100,0	15,8	20,4	39,0	4,8	15,3	4,7

(1) A categoría “Outra situación” inclúe aos inactivos que non mencionan ningunha situación de inactividade e declaran estar buscando emprego ou traballar
 Datos en miles

Fonte: INE, EPA 4º trimestres de 2007

Por idade destaca:

■ A maior porcentaxe de inactivos dáse nos maiores de 65 anos co 51,4% (46,3% en España). Aragón é a comunidade coa porcentaxe máis alta neste tramo de idade (54,8%) e Ceuta é a que o ten máis baixa (27,7%).

■ Séguenlle os pertencentes ao grupo de idade de 55 a 64 anos co 16,4% (16,2% en España). País Vasco é a comunidade que ten un maior número de inactivos neste tramo de idade (18,4%) e Melilla a que menos (13%).

■ En Galicia en menor porcentaxe de inactivos por grupo de idade atópase no intervalo de 25 a 34 anos co 5,4% (6,7% en España). Aragón é a comunidade cunha porcentaxe máis baixa neste tramo (3,5%) e Ceuta a comunidade co tanto por cento máis alto (14,7%).

■ Cadro 4.54

Poboación inactiva por grupos de idade e comunidade autónoma. 2007
Porcentaxes respecto do total de cada comunidade autónoma

	Total	De 16 a 19 anos	De 20 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 e máis anos
Total	100,0	8,4	5,9	6,7	7,6	8,9	16,2	46,3
Andalucía	100,0	9,1	6,5	8,8	9,9	10,3	16,1	39,2
Aragón	100,0	7,5	5,5	3,5	5,2	7,6	15,9	54,8
Asturias	100,0	6,5	5,1	5,8	6,0	11,4	17,5	47,8
Baleares	100,1	9,4	6,1	7,8	8,2	8,2	16,4	44,0
Canarias	100,0	10,3	6,8	9,2	10,3	11,0	16,0	36,4
Cantabria	100,0	8,0	6,2	5,9	8,0	8,6	16,5	46,8
C. A Mancha	100,0	7,3	5,6	5,1	6,0	8,0	15,0	53,0
C. León	100,0	8,2	5,4	7,2	8,4	9,1	13,8	47,8
Cataluña	100,0	8,0	5,1	6,0	6,5	7,9	16,0	50,5
C. Valenciana	100,0	7,8	5,5	6,6	8,0	9,5	16,8	45,8
Extremadura	100,0	9,4	6,4	6,9	8,1	9,6	13,9	45,9
Galicia	100,0	7,1	6,2	5,4	5,9	7,6	16,4	51,4
Madrid	100,0	9,3	6,1	6,5	6,4	8,0	17,4	46,3
Murcia	100,0	9,4	6,7	9,0	9,2	9,9	15,0	40,9
Navarra	100,0	8,2	5,8	5,4	6,1	7,4	16,7	50,3
País Vasco	100,0	7,7	5,8	4,6	6,2	8,0	18,4	49,4
A Ríoxa	100,0	7,5	5,7	5,8	6,6	8,5	16,2	49,6
Ceuta	100,0	11,4	8,9	14,7	12,5	10,9	13,9	27,7
Melilla	100,0	9,8	6,7	9,4	10,0	14,7	13,0	36,3

(1) A categoría "Outra situación" inclúe aos inactivos que non mencionan ningunha situación de inactividade e declaran estar buscando emprego ou traballar
 Datos en miles

Fonte: INE, EPA 4º trimestres de 2007